

# Contos dun soñador

Lord Dunsany

Tradución de Luis de la Calle



# Lord Dunsany

## Contos dun soñador

Versión galega de Luis de la Calle

Título orixinal: A Dreamer's Tales (1910).

Autor: Lord Dunsany (Edward J. M. D. Plunkett).

### LIMIAR

Espero que este libro poida caer nas mans daqueles que foron bondadosos cos outros meus e que non os poida decepcionar.

### POLTARNEES, CONTEMPLADORA DO OCÉANO

Toldees, Mondath, Arizim, estas son as Terras Interiores, as terras cuxas sentinelas nas súas fronteiras non contemplan o mar. Alén delas no leste espállase un deserto, xamais perturbado polo home: amarelo todo, e marxado polas sombras das pedras, e a morte está nel, coma un leopardo deitado ao sol. Ao sur están acoutadas pola maxia, ao oeste por unha montaña, e ao norte pola voz e a cólera do vento polar. Coma un gran muro é a montaña do oeste. Xorde alén da distancia e continúa alén do afastamento novamente, e chámalle Poltarnees, contempladora do Océano. Cara ao norte rochas vermellas, lisas e espidas de terra, e sen chisca ningunha de carriza ou herba, inclínanse a prol dos mesmos beizos do vento polar, e máis nada hai alá polo ruído da súa ira. Moi pacíficas son as Terras Interiores, e moi belas as súas cidades, e non hai guerra entre elas, soamente sosego e comodidade. E non teñen ningún inimigo senón a idade, por deitárense a sede e a febre a se asollar fóra no meio do deserto, e nunca roldan nas Terras Interiores. E os demos e as pantasma, cuxa estrada é a noite, son detidos no sur pola fronteira da maxia. E moi pequenas son todas as súas pracenteiras cidades, e todos os homes se coñecen uns a outros nelas, e bendinse uns a outros polos seus nomes cando se atopan nas rúas. E teñen unha larga vía verde en cada cidade que entra de fóra desde algún val, bosque ou outeiral, e vaga por dentro e fóra da cidade entre as casas e cruzando as rúas; e a xente nunca a percorre de todo, mais cada ano no tempo sinalado a primavera percórrea desde as terras florecidas, causando que florezan a anémona sobre a vía verde e todos os antigos gozos das fragas ocultas, dos profundos vales apartados, ou dos triunfantes outeirais, cuxas cabezas se alzan tan orgullosamente lonxe arriba, distanciados das cidades.

Por veces carreteiros ou pastores andan ao longo desta vía, que chegaron á cidade de encima das serras nebulosas, e os vilegos non os empecen, por haber un paso que perturba a herba e un paso que non a perturba, e cada home no seu propio corazón sabe qué paso ten. E nos espazos asollados da campiña e nos lugares avesados do mundo, lonxe da música das cidades e da danza das cidades lonxe, crean alá a música dos lugares campestres e bailan a danza campeira. Amábel, próximo e amigábel móstrase a estes homes o sol, e como é cordial con eles e atende as súas máis novas vides, así eles son bondadosos cos pequenos seres forestais e calquera rumor de fadas ou lendas antigas. E cando a luz dalgunha cidadiña distante produce un leve acendemento sobre o fío do ceo, e as felices fiestras douradas dos casais fitan fulgurando na escuridade, daquela a vella e sacra figura do Romance, cuberta até o rostro, baixa fóra dos bosques montuosos e manda elevárense e danzaren as escuras sombras, e envía adiante as criaturas forestais para roldar, e acende nun momento na súa enramada de herba a lampadiña do vagalume, e fai caer un silencio sobre as terras grises, e fóra delas álzase feblemente nos outeiros remotos a voz dun laúde. Non hai no mundo terras máis prósperas e ledas ca Toldees, Mondath e Arizim.

Destes tres reiniños que chaman as Terras Interiores os mozos escapulíanse decontino. Un por un marchaban, e ningún sabía por qué se ían agás que tiñan unha arela de contemplar o Mar. Desta arela falaban pouco, mais un mozo volvíase silencioso durante uns poucos días, e logo, unha mañá moi cedo, escapulíase e amodo rubía a custosa encosta de Poltarnees, e en chegando ao cume traspasábao e nunca regresaba. Uns poucos ficaron atrás nas Terras Interiores e volvéronse vellos, mais ningún dos que algunha vez rubiron Poltarnees desde os máis antigos tempos retornou de novo xamais. Moitos subiran Poltarnees xurando voltar. Unha volta un rei enviou todos os seus cortesáns, un por un, para que o informasen do misterio, e logo marchou el mesmo: ningún regresou nunca.

Ora ben, había o costume no pobo das Terras Interiores de venerar os rumores e as lendas do mar, e todo o que os seus profetas descubriran do mar estaba escrito nun libro sagrado, e con devoción profunda en días de festividade ou loito líase nos templos polos cregos. Entón, todos os seus templos se expuñan ao oeste, apoiándose nos piares, para que a brisa mariña puidese entrar neles, e descubríanse sobre os piares ao leste para que as brisas mariñas non se puidesen atrancar no paso progresivo onde queira que fose o linde do Mar. E esta é a lenda que tiñan do Mar, que ninguén contemplara xamais nas Terras Interiores. Dicían que o Mar é un río dirixíndose a Hércules, e dicían que se achega até o bordo do mundo, e que Poltarnees o domina. Dicían que todos os mundos celestiais van abaneándose neste río e descenden coa corrente, e aquela Infinitade é mesta e está cuberta coas fragas polas que o río no seu curso se arrastra con todos os mundos do ceo. Entre os troncos colosais daquelas árbores escuras, en cuxas máis pequenas frondes das súas pólas fan noites os homes, camiñan os deuses. E sempre que a súa sede, resplandecente no espazo coma un gran sol, cae sobre a besta, o tigre dos deuses escorrega abaixo ao río para beber. E o tigre dos deuses bebe ruidosamente até se fartar, a tragar mundos no anaco; e o nivel do río mingüa entre as súas orelas antes de que a sede da besta se calme e remate de resplandecer coma un sol. E moitos mundos en consecuencia amoréanse acima secos e varados, e os deuses non camiñan entre eles máis nunca, porque lles mancan os pés. Estes son os mundos que non teñen destino, cuxos pobos non coñecen deus ningún. E o río avanza sempre adiante. E o nome do río é Oriathon, mais os homes chámanlle Océano. Esta é a Crenza Inferior das Terras Interiores. E hai unha Crenza Superior que non se revela a todos: o Oriathon corre a través dos bosques da Infinitade e todo de vez cae bruando sobre un bordo, onde o Tempo antano chamaba polas súas horas para combateren na súa guerra cos deuses; e

cae apagado polo fulgor das noites e os días, co seu desmedido caudal por millas, dentro das profundidades da nada.

Ora que segundo os séculos pasaban e o camiño único polo que un home podía rubir Poltarnees volvíase desgastado polos pés, máis e máis homes coroábano para non voltaren. E aínda descoñecían nas Terras Interiores sobre que misterio ollaba Poltarnees. Para que nun día quedo e sen vento, mentres os homes andaban felizmente polas súas fermosas rúas ou atendían os rabaños no campo, de súpeto o vento do oeste animábase e entrase desde o Mar. E chegase cuberto, gris, lúgubre, e levase a alguén o grito esfameado do Mar a vocear polos ósos dos homes. E o que o escoitou movébase con desacougo por unhas horas, e ao cabo erguébase de socato, irresistibelmente arriba, dirixindo a face a Poltarnees, e dixese, como é o costume desas terras cando os homes parten por pouco tempo: “Até que se faga memoria no corazón dun home”, que significa: “Adeus por algún tempo”; mais aqueles que o amaban, vendo os seus ollos sobre Poltarnees, respondesen con tristeza: “Até que os deuses esquezan”, que significa: “Adeus”.

No entanto, o rei de Arizim tiña unha filla que xogaba coas flores bravas do bosque, e coas fontes no patio de seu pai, e cos azuis paxariños celestiais que viñan ao seu portal polo inverno para se goreceren da neve. E era máis bela ca as flores bravas do bosque, ca as fontes do patio de seu pai ou ca os azuis paxaros celestiais con toda a súa plumaxe invernal cando se gorecían da neve. Os vellos e sabios reis de Mondath e Toldees vírona unha vez como baixaba con liviandade polos vieiros do seu xardín, e volvendo a mirada ás néboas do pensamento, matinaron no destino das súas Terras Interiores. E ollárona atentamente coas flores maxestosas, e detida soa á luz do sol, e pasaron e volveron pasar as bambeantes aves purpúreas que os cazadores aviarios do rei trouxeran de Asagéhon. Cando ela tivo quince anos o Rei de Mondath convocou un consello de reis. E alí encontráronse con el os reis de Toldees e Arizim. E o Rei de Mondath no seu consello dixo:

-A chamada do Mar implacábel e famento (e coa palabra “Mar” os tres reis inclinaron as cabezas) atrae cada ano fóra dos nosos reinos felices a máis e máis dos nosos homes, e aínda non sabemos o misterio do Mar, e ningún xuramento ideado trouxo home ningún de volta. Ora ben, túa filla, Arizim, é máis adorábel ca a luz do sol, e máis adorábel ca esas maxestosas flores de teu que se erguen tan altas no teu xardín, e ten máis graza e fermosura ca eses estraños paxaros que os venturosos cazadores aviarios traen en carromatos renxedores fóra de Asagéhon, en cuxas penas alternan púrpura e branco. Daquela, quen se namore de túa filla Hilnaric, quenquera que for, é o home para rubir Poltarnees e regresar, como ningún o fixo nunca antes, e contarnos que olla Poltarnees; pois se cadra túa filla é máis fermosa ca o Mar.

Entón do seu asento do Consello levantouse o Rei de Arizim, que dixo:

-Temo que dixeches unha blasfemia contra o Mar, e teño medo do mal que virá disto. Na verdade non coidaba que ela fose tan linda. Hai tan pouco tempo que era de todo unha crianciña co seu cabelo arreo espeluxado e aínda non composto ao modo de princesa, e subía aos bosques salvaxes sen compañía e retornaba co vestido indecoroso e todo roto, e non recibía a reprimenda cun espírito humilde, senón a facer carantoñas mesmo no meu patio marmóreo todo atacado de fontes.

Daquela dixo o Rei de Toldees:

-Vixiémola máis atentamente e vexamos a Princesa Hilnaric na estación do pomar en flor cando as grandes aves, que coñecen o Mar, se guían para descansar nos nosos lugares interiores; e se for máis bela ca o abrente sobre os nosos reinos encerrados cando todos os hortos froiteiros florecen, pode ser que ela sexa máis bela ca o Mar.

E o Rei de Azirim dixo:

-Temo que isto é unha blasfemia terríbel, con todo farei como decidistes no consello.

E a estación do pomar en flor presentouse. Unha noite o Rei de Azirim chamou a súa filla para fóra no seu balcón exterior de mármore. E a lúa elevouse enorme, redonda e sagrada sobre as fragas escuras, e as fontes todas estaban a cantar á noite. E a lúa tocou os pinchóns palacianos de mármore, e resplandecían no país. E a lúa tocou as cimas de todas as fontes, e as columnas grises crebaron en luces de fadas. E a lúa deixou os camiños escuros do bosque e alumeou o albo pazo todo e as súas fontes, e brillou na testa da princesa, e o pazo de Arizim resplandeceu ao lonxe, e as fontes volvéronse columnas de xoias fulgurantes e cantigas. E a lúa facía unha música na súa elevación, mais minguaba case de todo nos ouvidos mortais. E Hilnaric estaba de pé alí marabillada, vestida de branco, co brillo do luar na fronte; e vixiándoa desde as sombras na terraza permanecían os reis de Mondath e Toldees, que dixeron:

-Ela é máis bela ca a saída da lúa.

E outro día o Rei de Azirim mandou a súa filla para fóra no abrente, e eles estiveron de novo por riba do balcón. E o sol ascendeu sobre un mundo de pomares, e as brumas retornaron de acima de Poltarnees para o Mar; vociñas salvaxes alzáronse en todos os matos, as voces das fontes comezaron a morrer, e alzouse, en todos os templos marmóreos, a cantiga das aves que son sagradas para o Mar. E Hilnaric estaba de pé alí, aínda a resplandecer cos soños celestiais.

-Ela é máis bela –dixeron os reis- ca o amencer.

Non obstante fixéronlle unha proba máis á beleza de Hilnaric, porque a vixiarian nas terrazas no solpor antes, con todo, de que os pétalos dos pomares caesen, e por toda a beira das fragas veciñas o rododendro estivese a florecer coa azalea. E o sol púñase tras a esgrevia Poltarnees, e a bruma vertíase sobre o seu cume interior. E os templos marmóreos erguíanse claros no serán, mais tenues néboas de luscofusco arrastrábanse entre a montaña e a cidade. Entón dos saíntes dos templos e os beirís dos pazos desprendéronse precipitadamente os morcegos, logo despregaron as ás e flotaron arriba e abaixo polos camiños escurecidos; as luces deron en pestanexar nas xanelas douradas, os homes encapotáronse contra a bruma gris, o son de cantiguiñas elevouse, a face de Hilnaric mudou nun descansadoiro para misterios e soños.

-Ca todas estas cousas –dixeron os reis- ela é máis adorábel, porén quen pode dicir se é máis adorábel ca o Mar?

Deitado nunha matogueira de rododendros na marxe dos panascos palacianos un cazador esperara des que o sol se puxera. Preto del había unha charca fonda onde crecían os xacintos e aboiaban estrañas flores de follas largas; e alí os grandes touros gariaches baixaban a beber á luz das estrelas; e, esperando alí pola vinda dos gariaches, viu a alba figura da Princesa apoiada no balcón. Antes de que as estrelas brillasen ou os touros baixasen a beber deixou o seu escondedoiro e achegouse máis preto do pazo para ver máis de cerca a Princesa. Os panascos palacianos estaban cheos de rosada non pisada, e todo estaba quedo cando o cruzou, agarrando a súa gran lanza. Na máis distante esquina das terrazas os tres vellos reis estaban a discutir pola beleza de Hilnaric e mais o destino das Terras Interiores. Movéndose con lixeireza, con paso de cazador, o vixiante cabo da charca chegou máis preto, mesmo no serán quedo, antes de que a Princesa o vise. Cando el a viu de preto exclamou de súpeto:

-Ten de ser máis fermosa ca o Mar.

Cando a Princesa se volveu e viu o seu traxe e a gran lanza soubo que era un cazador de gariaches.

Cando os tres reis ouviron a exclamación do mozo dixéronse polo baixo uns aos outros:

-Este ten de ser o home.

Daquela mostráronse a el e faláronlle para o probar, dicíndolle:

-Señor, dixestes unha blasfemia contra o Mar.

E o mozo murmurou:

-Ela é máis fermosa ca o Mar.

E os reis dixeron:

-Somos máis vellos ca ti e máis sabios, e sabemos que nada é máis fermoso ca o Mar.

E o mozo tirou a peza da súa cabeza e quedou inclinado, e sabía que falaba con reis, porén respondeu:

-Por esta lanza, ela é máis fermosa ca o Mar.

E todo o anaco a Princesa fitouno, sabendo que era un cazador de gariaches.

Logo o rei de Arizim dixo ao vixiante cabo da charca:

-Se vos quixerdes subir Poltarnees e voltardes, como non o fixo ninguén, e referírdenos que atractivo ou maxia hai no Mar, perdonarémovos a blasfemia, e teredes a Princesa por esposa e sentarédesvos no Consello dos Reis.

E de bo grado o mozo consentiu aquilo. E a Princesa faloulle e preguntoulle o seu nome. E el díxolle que o seu nome era Athelvok, e un gran gozo sobreveulle co son da voz dela. E aos tres reis prometeulles marchar no terceiro día para escalar a pendente de Poltarnees e voltar de novo, e este foi o xuramento con que eles o ligaron para regresar:

-Xuro polo Mar que leva os mundos lonxe, polo río de Oriathon, ao que os homes chaman Océano, e polos deuses e o seu tigre, e polo destino dos mundos, que regresarei de novo ás Terras Interiores, logo de contemplar o Mar.

E prestou aquel xuramento con solemnidade aquela mesma noite nun dos templos do Mar, porén os tres reis confiaban máis na beleza de Hilnaric aínda ca no poder do xuramento.

Ao día seguinte Athelvok chegou ao pazo de Arizim pola mañá, a través dos campos do Leste e deixando o país de Toldees, e Hilnaric saíu fóra ao seu balcón e encontrouse con el nas terrazas. E preguntoulle se algunha vez matara un gariach, e el díxolle que matara tres, e logo contoulle como cazara o primeiro abaixo cabo da charca no bosque. Para o que apañara a lanza de seu pai e baixara á marxe da charca, e deitárase so as azaleas agardando polas estrelas a brillar, a cuxa primeira luz van beber ás charcas os gariaches; e fora moi cedo e tivera moito que esperar, e o pasar das horas pareceulle máis longo do que foi. E todos os paxaros viñeron a aquel fogar pola noite, e o morcego saíra, e a hora do parrulo pasou, e aínda ningún gariach baixaba á charca; e Athelvok estaba seguro de que ningún viría. E no intre en que esta certeza se fixou na súa mente o mato tronzou ás caladas e un enorme touro gariach parouse fronte a el na beira da auga, e os seus grandes cornos estendíanse fóra para os lados da súa cabeza, e nos extremos curvaban para arriba, e tiñan catro pasos de largura de punta a punta. E non vira a Athelvok, porque o gran touro estaba na banda máis distante da pequena charca, e Athelvok non podía arrastrarse ao redor del por medo de atopar o vento (pois os gariaches, que apenas ven nas fragas escuras, confían no ouvido e o olfacto). Mais ideou axiña un plan no seu maxín en tanto que o touro paraba alí coa cabeza irta xusto a vinte pasos del a través da auga. E o touro osmou o vento con cautela e escoitou, despois baixou a gran cabeza até a charca e bebeu. Naquel momento Athelvok choutou á auga e atravesou adiante os seus fondos algosos entre os talos das estrañas flores que aboiaban encol das follas largas na tona. E Athelvok mantiña a súa lanza fóra e recta diante del, e tiña os dedos da súa man esquerda ríxidos e dereitos, sen apuntaren para arriba, e así non chegando á tona, mais impeliase adiante pola enerxía do seu salto e

pasou sen se encerellar polos caules das flores. Cando Athelvok brincou á auga o touro debeu de elevar a cabeza, sobresaltado pola chapuzadura, daquela escoitaría e osmaría no ar, e non ouvindo nin olfacteando perigo ningún debeu de permanecer ríxido por uns instantes, porque estaba nesta posición cando Athelvok o atopou en emerxendo sen alento ao pé del. E, atacando á vez, Athelvok espetou a lanza na súa gorxa antes de que a cabeza e os terríbeis cornos baixasen. Porén Athelvok aferrárase a un dos seus grandes cornos, e foi levado con terríbel rapidez a través dos arbustos de rododendros até que caeu o gariach, pero alpeirou de novo no acto, e morreu de pé, aínda loitando, afogado no seu propio sangue.

Mais para Hilnaric ao escoitalo foi coma se un dos heroes da antigüidade regresase novamente con toda a gloria da súa lendaria mocidade.

E moito tempo subiron e baixaron as terrazas, dicíndose esas cousas que xa foron ditas antes e despois, e que beizos aínda por se formaren dirán de novo. E por riba deles erguíase Poltarnees a contemplar o Mar.

E chegou o día en que Athelvok debía marchar. E Hilnaric díxolle:

-Non é posíbel senón que moi certo que regresaredes de novo en canto miredes desde o cume de Poltarnees?

Athelvok respondeu:

-De veras que regresarei, porque a vosa voz é máis fermosa ca o himno dos cregos cando cantan e louvan o Mar, e aínda que moitos mares tributarios baixen correndo no Oriathon e el e todos os outros vertan a súa beleza nunha charca debaixo de min, aínda voltaría xurando que sodes máis linda ca eles.

E Hilnaric respondeu:

-A sabedoría do meu corazón dime, ou un vello coñecemento ou profecía, ou algún estraño saber, que xamais escoitarei a vosa voz de novo. E por isto douvos o meu perdón.

Porén el, repetindo o xuramento que fixera, marchou, ollando a miúdo atrás até que a costa mudou en banzos e a súa cara quedou apegada á rocha. Era pola mañá cando partiu, e estivo a gabear todo o día, cun breve descanso, por onde cada burato con forma de pé fora puído por moitos pés. Antes de acadar o tope o sol desapareceu del, e escurecían cada vez máis as Terras Interiores. Daquela apurou para así ver, antes da escuridade, calquera cousa que Poltarnees tiver para lle mostrar. O fusco era profundo sobre as Terras Interiores, e as luces das cidades escintilaban a través da bruma cando chegou ao cume de Poltarnees, e o sol diante del aínda non se fora do ceo.

E alí debaixo del estaba o vello Mar rugoso, a sorrir e murmurar cantigas. E aleitaba barquiños con velas resplandecentes, e nas súas mans estaban os vellos naufraxios lamentados, e mastros todos chatolados con cravos dourados que arrincara con cólera de fermosos galeóns. E a gloria do sol estaba entre as vagas que sacaban a madeira flotante das illas das especias, sacudindo os seus cotoriños dourados. E as correntes grises escorregaban lonxe para o sur coma serpes sen compañía que aman algo distante cun amor desacougado, letal. E a chaira enteira de auga brillante coa luz do sol serodia, e as vagas e mais as correntes, e as velas brancas dos barcos estaban todas xuntas coma a face dun estraño deus novo que mirase un home por primeira vez aos ollos no momento da súa morte; e Athelvok, ollando o Mar maravilloso, soubo por qué era que nunca voltaba o morto: pois hai algo que o morto sente e sabe, e o vivo non entendería xamais aínda que o morto tivese de vir e falarlle sobre iso. E alí estaba o Mar sorríndolle, ledó coa gloria do sol. E alí había un porto para os barcos caseños, e unha cidade asollada levantábase á súa beira, e a xente andaba polas súas rúas ataviada cos xéneros inimaxinábeis das distantes terras costeiras.

Unha pendente doada de rocha disgregada ía do curuto de Poltarnees á orella do Mar.

Durante un anaco longo Athelvok ficou alí con pesadume, sabendo que algo entrara na súa alma que ninguén das Terras Interiores comprendería, onde os pensamentos dos seus maxíns non ían máis aló dos tres reinos. Despois, apreciando ao lonxe os navíos errantes, e as mercadorías maravillosas das terras foráneas, e a cor descoñecida que coroaba as cimas do Mar, volveu a súa cara á escuridade e ás Terras Interiores.

Naquel momento o Mar cantou unha elexía no ocaso por todo o dano que fixera na súa cólera e toda a ruína que obrara nos barcos aventureiros; e había bágoas na voz do Mar tiránico, porque amaba os galeóns que somexera, e chamaba por todos os homes e todos os seres vivos aos que podía resarcir, porque amaba os ósos que espaxera ao lonxe. E Athelvok virouse, e puxo un pé na pendente esmiuzada, e logo outro, e andou un pouco de camiño para estar máis preto do Mar, e entón un soño lle sobreveu e sentiu que os homes calumniaran o adorábel Mar porque fora un pouco colérico, porque fora ás veces cruel; sentiu que había perturbación entre as mareas do Mar porque amaba os galeóns cos cales acabara. Aínda camiñaba adiante e as pedras esmiuzadas rodaban con el, e xustamente cando o crepúsculo se apagou e apareceu unha estrela chegou á orella dourada, e andou adiante até que as ondas tocaron os seus xeonllos, e ouviu as beizóns, coma oracións, do Mar. Moito tempo ficou así, mentres as estrelas saían sobre el e brillaban novamente nas ondas; máis estrelas ascendían xirando no seu curso desde o Mar, luces pestanexaban por toda a cidade do porto, lanternas penduráronse nos barcos, a noite purpúrea ardía; e a Terra, aos ollos dos deuses que se sentan ao lonxe, resplandecía coma unha lapa. Daquela Athelvok entrou na cidade portuaria; alí atopou a moitos que deixaran as Terras Interiores antes ca el; ningún desexaba retornar coa xente que non vira o Mar; moitos esqueceran os tres reinos, e rumoreábase que un home, que unha vez tentou voltar, encontrara a movediza e esmiuzada pendente imposible de gabear.

Hilnaric non casou xamais. Porén o seu dote púxose á parte para edificar un templo en que os homes maldixesen o océano.

Unha vez ao ano, con ritos solemnes e cerimoniais, maldín as mareas do Mar; e a lúa visitaos e aborréceos.

## BLAGDAROSS

Nun lugar ermo estrado de tixolos nas aforas dunha cidade o luscofusco caía. Unha ou dúas estrelas apareceron sobre o fume, e en fiestras distantes luciron misteriosas luces. A quietude e mais a soidade afondaron. Entón todas as cousas desbotadas que están caladas polo día tiveron voces.

Unha vella cortiza falou primeiro, dicindo:

-Medrei nos bosques andaluces, mais nunca atendín as ociosas cancións de España. Só crecín forte á luz do sol agardando polo meu destino. Un día os mercadores viñeron e sacáronnos a todas e leváronnos á orella do mar, amontoados en alto ao lombo de asnos, e nunha cidade cabo do mar déronme a forma que agora teño. Un día mandáronme para o norte até Provenza, e alí cumprín o meu fado. Porque me puxeron como un garda sobre o viño burbullante, e fielmente fiquei de sentinela por vinte anos. Durante uns poucos primeiros anos na botella que gardaba o viño durmía, a soñar coa



Provenza; porén segundo os anos decorrían fíxose máis e máis forte, até que ao cabo sempre que un home pasaba xunto ao viño tiraba toda a súa enerxía contra min, dicíndome: “Déixame libre!, déixame libre!” E cada ano a súa forza aumentaba, e medraba máis o seu clamor cando os homes pasaban a carón, pero nunca lle valeu para me quitar do meu posto. Mais aínda que eu o tivera poderosamente durante vinte anos eles trouxérono ao banquete e tiráronme do meu posto, e o viño elevouse gozoso e brincou a través das veas dos homes e exaltou dentro as súas almas até que se levantaron dos seus sitios e cantaron cancións provenzais. Porén a min guindáronme lonxe, a min que fora a sentinela por vinte anos e que era aínda tan forte e sólido como cando estiven de garda primeiramente. Agora son un refugallo nunha fría cidade setentrional, que unha vez coñeceu os ceos andaluces e gardou moito tempo os soles provenzais que flotaron no corazón do viño gozoso.

Un misto incólume que alguén tirara falou a seguir:

-Eu son un neno do sol –dixo-, e un inimigo das cidades; hai máis cousas no meu corazón das que sabedes. Son irmán do Etna e do Strómboli; teño lumes escondidos en min que un día se elevarán fermosos e fortes. Non entraremos na servidume de fogar ningún nin faremos traballar máquinas para a nosa nutrición, porén obteremos o noso alimento onde o atopemos nese día en que sexamos fortes. Hai crianzas maravilosas no meu corazón cuxas faces teñen de ser máis adorábeis ca o arco da vella; deben facer un pacto co vento Norte, e este ten de levalas avante; todo debe ser negro detrás delas e negro por riba, e nada ten de ser fermoso no mundo agás elas; deben apoderarse da terra e esta será súa, e nada ten de detelas fóra do noso vello inimigo o mar.

Despois falou unha vella cazola rota, e dixo:

-Son a amiga das cidades. Séntome sobre o fogar entre as escravas, as lapiñas que se alimentan con carbón. Cando as escravas bailan tras as barras de ferro séntome no meio da danza e canto e dou alegría aos nosos amos. E fago cancións sobre a comodidade do gato, e sobre a animosidade que hai contra el no corazón do can, e sobre o andar zoupón do meniño, e sobre o sosego que ten o señor da casa cando preparamos o bo té moreno; e ás veces cando a casa está moi quente e as escravas e mais os amos están ledos, reprocho aos ventos hostís que roldan polo mundo.

E logo alí falou o anaco dunha vella corda:

-Fixéronme nun lugar de condea, e condeados fixeron as miñas fibras, traballando sen esperanza. Por iso levo unha malicia no corazón, polo que nunca deixei a nada irse ceibe unha vez que estiven resolto a suxeitalo. Moitas cousas atei implacabelmente por meses ou anos; porque adoitaba chegar enrolado aos almacéns onde as grandes caixas se colocan todas abertas ao ar, e unha delas quixo estar de súpeto cerrada de todo, e a miña forza espantosa quixo pórse sobre ela coma unha maldición, e se as súas madeiras xemían cando ao primeiro as agarraba, ou se renxían en voz alta na noite senlleira, a matinaren nas terras boscosas de que proviñan, entón soamente as apertaba aínda máis firmemente, porque está na miña alma o pobre odio inútil daqueles que me fixeron nun lugar de condea. Porén, por todas as cousas que a miña pouta de presa tivera, o derradeiro traballo que fixen foi pór algo libre. Tumbábame ocioso unha noite na penumbra sobre o chan do almacén. Contra a meianoite de repente unha gran bandada de ecos saltou arriba desde as pranchas de madeira e xirou ao redor do teito. Un home achegábase a min completamente só. E segundo viña a súa alma reprochábao, e vin que había unha gran perturbación entre o home e a súa alma, porque a súa alma non quería deixalo, pero continuaba reprochándoo.

»Daquela o home viume e dixo: “Esta ao menos non me fallará”. Cando lle ouvín dicir isto sobre min, determinei que calquera cousa que me puidese requirir sería feita até máis non dar. E cando fixen esta determinación no meu corazón

inquebrantábel, apañoume e colocouse enriba dunha caixa baleira que eu debería atar ao día seguinte, e amarrou un cabo meu a unha trabe moura; e o nó estaba atado con descoído, porque a súa alma estaba a reprochalo decontino todo o tempo e non lle daba repouso. Despois fixo un nó corredío co outro cabo meu, mais cando a alma do home viu isto parou de reprochalo, e gritoulle decontado, e suplicoulle que se puxese en paz con ela e non fixese nada súbito; mais o home proseguiu co seu labor, e puxo a lazada abaixo na súa cara e so a súa barbadela, e a alma berrou horribelmente.

»Entón o home arredou a caixa dunha patada, e no intre que fixo isto souben que a miña forza non abondaba para termar del; mais lembrei que dixó que eu non lle fallaría, e puxen todo o meu sinistro vigor nas miñas fibras e axudeino por pura vontade. Daquela a alma me gritou que o deixase, pero díxenlle:

-Non, ti vexaches o home.

»Logo berroume que me soltase da trabe, e xa eu estaba a esvarar, porque soamente me suxeitaba a ela por un nó descoidado; mais aferreime coa miña pouta de presa e díxenlle:

-Vexaches o home.

»E moi rapidamente ela díxome outras cousas, mais non lle respondín ; e por fin a alma que vexaba o home que confiara en min foise voando e deixouno en paz. Xa nunca fun quen de atar cousas de novo, porque cada unha das miñas fibras estaba gastada e torta, e mesmo o meu implacábel corazón estaba debilitado polo esforzo. Moi pouco tempo despois botáronme aquí. Fixera o meu traballo.

Así falaban entre si, mais durante todo o anaco alí asomárase por riba deles a forma dun vello cabaliño de balancín queixándose agremente, que dicía:

-Son Blagdaross. Estou aflixido porque agora debo encontrarme como un marxinado entre esta digna pero cativa xente. Ai!, polos días que xa están recolleitos, e ai polo Grande que foi un amo e unha alma para min, cuxo espírito está agora consumido e nunca poderá saber de min novamente, nin cabalgará máis polo mundo en buscas cabaleirescas. Eu fun Bucéfalo cando el era Alexandre, e leveino vitorioso tan lonxe coma o Indo. Atopei dragóns xunto a el cando foi San Xurxo, fun o cabalo de Roldán combatendo pola Cristiandade, e fun a miúdo Rocinante. Loitei en torneos e fun errante nas buscas, e encontrei a Ulises, os heroes e as fadas. Ou tarde no serán, pouco antes de que as lámpadas se apagasen no cuarto das crianzas, montábame repentinamente, e galopabamos a través de África. Alí pasabamos á noite polas selvas tropicais, e dabamos con ríos escuros atravesándoos, todos brillando cos ollos dos crocodilos, onde aboiaban os hipopótamos corrente abaixo, e misteriosas embarcacións aparecían de súpeto desde a escuridade e furtivamente desaparecían. E cando cruzamos a selva acesa polos lucecús chegabamos ás chairas abertas, e galopabamos avante cos flamingos escarlatas a voaren a carón de nós a través das terras de escuros reis, con coroas douradas nas cabezas e cetros nas mans, que saían a correr dos seus pazos para ver o noso paso. Logo eu viraba de socato, e o pó voaba arriba desde os meus catro pesúños mentres voltaba e galopabamos a casa de novo, e ao meu amo púñano na cama. E ao outro día novamente cabalgaba polo mundo até que chegabamos á fortaleza máxica gardada pola feitizaría e derrotabamos os dragóns da porta, e sempre regresabamos cunha princesa máis linda ca o mar.

»Mais o meu amo comezou a medrar máis grande no seu corpo e máis pequeno na súa alma, e logo cabalgou máis raramente para buscas. Ao cabo viu ouro e nunca veu de novo, e a min expulsáronme aquí entre esta cativa xente.

Porén en tanto o cabaliño de balancín estaba a falar dous rapaces escapulíanse, inadvertidos de seus pais, dunha casa na marxe do lugar ermo, e chegaron a través del na busca de aventuras. Un deles levaba unha vasoira, e cando viu o cabaliño de balancín

non dixo ren, pero desprende o mango da vasoira e meteuno entre os seus tirantes e a súa camisa no costado esquerdo. Despois montou no cabaliño, e sacando o pau da vasoira, que era agudo e puntiagudo no remate, dixo: “Saladín está neste deserto con todos os seus pixamas, e eu son Corazón de León.” Após un pedazo o outro rapaz dixo: “Agora déixame matar tamén a Saladín.” Mais Blagdaross no seu corazón de madeira, que gozaba con pensamentos de batalla, dixo: “Aínda son Blagdaross!”

## A TOLEMIA DE ANDELSPRUTZ

Vin primeiramente a cidade de Andelsprutz pola tarde na primavera. O día estaba cheo de brillo solar cando chegaba polo camiño dos campos, e toda aquela mañá fíxerame dicir: “Irá sol nela cando vexa por primeira vez a fermosa cidade conquistada cuxa fama fíxome ter tan a miúdo adorábeis soños.” De socato vin as súas fortificacións erguéndose tras os campos, e detrás delas alzábanse os campanarios. Entrei por unha porta e vin as súas casas e rúas, e sobreveume unha gran decepción. Porque hai un ar para cada cidade, e un modo propio, polo que un home pode recoñecer unha doutra no acto. Hai cidades cheas de felicidade e cidades cheas de pracer, e cidades cheas de melancolía. Hai cidades cos seus rostros ao ceo, e algunhas cos seus rostros á terra; unhas teñen unha vía de mirada ao pasado e outras miran o porvir; unhas recoñécenvos se chegastes a elas, outras relancéanvos, outras déixanvos pasar. Algunhas aman as cidades que son súas veciñas, outras son queridas polas chairas e o breixo; unhas cidades están espidas ao vento, outras teñen capas purpúreas e outras capas castañas, e algunhas vístense de branco. Algunhas contan o vello conto da súa infancia, noutras é secreto; algunhas cidades cantan e unhas bisban, unhas son iradas, e algunhas teñen corazóns rotos, e cada cidade ten o seu modo de recibir o Tempo.

Dixérame:

-Verei Andelsprutz arrogante pola súa beleza.

E dixérame:

-Verei o seu choro pola súa conquista.

Dixérame:

-Cantárame cancións.

E:

-Estará reservada.

-Estará toda saqueada.

E:

-Estará espida pero espléndida.

Mais as ventás das casas de Andelsprutz tiñan a mirada perdida nas chairas coma os ollos dun tolo morto. Á hora as badaladas soaron sen atractivo e discordantes, unhas estaban desafinadas, e noutras os sinos racharan, os seus tellados estaban nus e sen carriza. Polo serán ningún rumor pracenteiro xurdía nas súas rúas. Cando as lámpadas se prenderon nas casas ningunha enchente mística de luz escapulíuse fóra na noite, simplemente veriares que había lámpadas acesas; Andelsprutz non tiña maneira nin ar de seu. Cando a noite caeu e as persianas todas descorréronse abaixo, entón percibín o que non pensara coa luz diurna. Souben daquela que Andelsprutz estaba morta.

Vin un home louro que bebía unha cervexa nunha cafetería, e díxenlle:

-Por que está a cidade de Andelsprutz totalmente morta, e a súa alma foise por tanto?

El respondeu:

-As cidades non teñen almas e nunca hai vida ningunha nos ladrillos.

E díxenlle:

-Señor, vostede falou sinceramente.

E pregunteille a mesma cuestión a outro home, e el deume a mesma resposta, e agradecínlle a súa cortesía. E vin un home cunha complexión máis esvelta, que tiña o cabelo preto, e sucos nas súas meixelas polas bágoas que correran por elas, e díxenlle:

-Por que está Andelsprutz morta de vez, e cando se marchou a súa alma polo tanto.

E respondeu:

-Andelsprutz esperou de máis. Durante trinta anos tendeu os seus brazos cara á terra de Akla cada noite, a Nai Akla da que fora roubara. Cada noite estaba a esperar e suspirar, e estender os seus brazos á Nai Akla. Pola meianoite, unha vez ao ano, no aniversario do día terríbel, Akla enviaba espías para deixar unha grilanda contra os muros de Andelsprutz. Non podía facer máis. E nesta noite, unha vez cada ano, eu adoitaba chorar, porque chorar era o xeito da cidade que me criou. Cada noite en tanto outras cidades durmían Andelsprutz sentábase aquí a matinar e esperar, até trinta grilandas deixaron a murchárense nos seus muros, e aínda os exércitos de Akla non podían vir.

»Mais despois de que esperou tanto tempo, e na noite en que os fieis espías trouxesen a súa trixésima grilanda, Andelsprutz volveuse tola de repente. Todos os sinos soaban espantosamente nos campanarios, os cabalos desbocábanse nas rúas, os cans ouveaban todos, os impasíbeis conquistadores acordaron pero volveron aos seus leitos a durmiren de novo; e vin a imprecisa forma gris de Andelsprutz alzarse, enfeitando o seu cabelo coas pantasma das catedrais, e marchar alancando da súa cidade. E a gran forma imprecisa que era a alma de Andelsprutz foise rosmando ás montañas, e alá seguina –porque non fora ela a miña ama de cría?-. Si, marchei só ás montañas, e por tres días, envolto nunha capa, durmín nas súas soidades neboentas. Eu non tiña alimento ningún para comer, e para beber soamente tiña a auga dos regatos montañeses. Polo día ningún ser vivo se me achegaba, e non ouvía ren agás o ruído do vento, e os regatos montañeses a ruxiren. Mais durante tres noites ouvín todo ao meu redor na montaña os sons dunha gran cidade; vin as luces das altas fiestras catedralicias escintilaren momentaneamente nos picoutos, e por veces o farol vacilante dalgunha patrulla da fortaleza. E vin o enorme e neboento contorno da alma de Andelsprutz sentada, enfeitada coas súas catedrais fantasmais, falando consigo, cos seus ollos fíitando adiante nunha louca mirada fixa, falando de antigas guerras. E o seu discurso confuso de todas aquelas noites na montaña era ás veces a voz do tránsito, e logo de sinos eclesiásticos, e logo de claríns, pero máis a miúdo era a voz da vermella guerra; e todo era incoherente, e ela estaba tola de todo.

»A terceira noite choveu moito toda a longa noite, mais fíiquei levantado alí para observar a alma da miña cidade natal. E ela aínda sentaba dereita mirando en fite adiante, a desvariar; porén agora a voz era doce, había máis repeniques nela, e cantigas ocasionais. A meianoite pasou, a chuvia aínda caía sobre min, e aínda as soidades da montaña estaban cheas de murmurios da pobre e louca cidade. E as horas de tras a meianoite chegaron, as horas frías en que os homes doentes morren.

»De súpeto fun consciente de grandes formas movéndose na chuvia, e ouvín o son de voces que non eran da miña cidade nin mesmo de ningunha que eu coñecera. E nese momento distinguín, aínda que feblemente, as almas dunha gran concorrencia de cidades, todas a inclinárense sobre Andelsprutz e consolánda, e as barrancas das montañas bruaron esa noite coas voces de cidades que se acharan inmóbiles por séculos.

Por alí chegou a alma de Camelot que abandonara xa tanto tempo Usk; e estaba Troia, toda cinxida de torres, aínda a maldicir a doce face da ruínosa Helena; vin alí Babilonia e Persépole; e a cara barbada de Nínive parecida á dun touro; e Atenas carpindo polos seus deuses inmortais.

»Todas estas almas aínda que de cidades que estaban mortas falaron esa noite na montaña á miña cidade e tranquilizárona, até que ao final bisbaba sobre unha guerra non moi longa, e os seus ollos non fitaron máis con furia, pero agochou a faciana nas mans e durante un pedazo chorou en silencio. Ao cabo levantouse, e andando amodo e coa cabeza inclinada, e apoiándose en Troia e Cartago, marcharon funebremente ao leste; e o po das súas estradas arremuiñábase detrás dela mentres se ía, un po fantasmal que nunca volveu á lama en toda aquela chuvia enchoupadora. E así as almas das cidades lla levaron, e gradualmente desapareceron da montaña, e as voces antigas esvaeceran na distancia.

»Desde entón non vin viva a miña cidade; mais unha vez topeime cun viaxeiro que me dixo que en algures no meio dun gran deserto están reunidas xuntas as almas de todas as cidades mortas. Dixo que unha vez estivo perdido nun lugar onde non había auga, e que ouviu as súas voces a falaren toda a noite.

Mais eu dixen:

-Unha volta estiven sen auga nun deserto e ouvín que me falaba unha cidade, mais non sabía se na verdade me falaba ou non, porque nese día ouvín cousas moi terribes, e só unhas foron verdadeiras.

E o home do cabelo negro dixo:

-Acho que é certo, aínda que non sei a onde ía. Unicamente sei que un pastor me atopou pola mañá desfalecido pola fame e o frío, e tróuxome aquí abaixo; e cando cheguei a Andelsprutz esta estaba, como percibistes, morta.

## ONDE AS MAREAS DEVALAN E ABALAN

Soñei que fixera unha cousa terríbel, de modo que se me negaba enterro tanto en terra coma en mar, nin podía haber inferno ningún para min.

Esperei algunhas horas, sabendo isto. Despois os meus amigos viñeron por min, e matarónme en segredo e cun rito antigo, e alumeábanme grandes candeas, e leváronme.

Foi todo en Londres onde se fixo o asunto, e foron furtivamente cando morría a noite por rúas grises e entre casas humildes até que chegaron ao río. E o río e a marea do mar andaban a forcexar o un coa outra entre os bancos de lodo, e ambos estaban negros e cheos de luces. Unha repentina sorpresa chegou aos ollos de cada un, cando os meus amigos se achegaron a eles coas súas candeas cegadoras. Todas estas cousas vin cando me levaban morto e rixido, por ter a miña alma aínda entre os meus ósos, dado que non había ningún inferno para ela, e porque se me denegara o enterro cristián.

Descendéronme por unha escada que era verde con cousas viscosas, e así cheguei amodo ao lodo terríbel. Alí, no territorio das cousas abandonadas, cavaron unha tumba pouco fonda. Cando finalizaron deixáronme na buraca, e de socato guindaron as candeas ao río. E cando a auga apagou as luces chameantes as candeas parecían pálidas e pequenas mentres bambeaban na marea, á vez foise o atractivo da calamidade, e notei daquela a chegada do enorme abrete; os meus amigos botaron as capas sobre as súas

caras, e a solemne procesión converteuse en moitos fuxitivos que ás furtadelas se escapulían.

Despois a lama regresou con cansazo e cubriume enteiro agás a face. Alí xacía só con cousas completamente esquecidas, con cousas amoreadas que as mareas non levarán moi lonxe, con cousas inútiles e cousas perdidas, e cos horribes e desnaturais tixolos que non son pedra nin terra. Estaba libre de sentimentos, porque me asasinaran, mais a percepción e o pensamento estaban na miña alma infeliz. A alba ancheaba, e vin as casas desoladas que ateigaban a marxe do río, e as súas ventás mortas esforzábanse por ver nos meus ollos mortos, xanelas con fardos tras elas no canto de almas humanas. Acabei tan farto de ollar esas cousas desamparadas que desexei gritar, mais non podía, porque estaba morto. Entón souben, como nunca o soubera antes, que durante todos aqueles anos esa manda de casas desoladas desexara gritar tamén, mais, estando mortas, eran mudas. E souben logo que aínda sería bo para as esquecidas cousas amoreadas se estas chorasen, pero estaban sen ollos e sen vida. E tentei chorar tamén, pero non había bágoas nos meus ollos mortos. E souben daquela que o río puido coidar de nós, puido acariñarnos, puido cantarnos, mais polo xeral arrastrouse adiante, sen pensar en nada fóra dos barcos esplendidos.

Ao cabo a marea fixo o que o río non quixera, e veu e cubriume, e a miña alma descansou na auga verde, e gozou e creu que tivera o enterro do Mar. Porén co devalo a auga baixou de novo, e deixoume só novamente coa lama insensíbel entre as cousas esquecidas que xa non se amorean, e coa vista de todas aquelas casas desoladas, e co coñecemento entre todos de que cada un de nós estaba morto.

No lúgubre muro detrás de min, do que colgaban algas verdes, abandonadas polo mar, aparecían túneles escuros, e pasaxes secretas e estreitas que estaban apertadas e obstruídas. Destas baixaron á fin sixilosas ratas para rillarme sen parar, e a miña alma gozou alí e creu que estaría libre por forza dos malditos ósos aos que rexeitaran soterrar. Ben pronto as ratas fuxiron a un breve espazo e marmexaron entre si. Non viñeron nunca máis. Cando descubrín que era detestábel inclusive para as ratas tentei chorar de novo.

Entón a marea voltou rítmica e cubriu o lodo espantoso, e ocultou as casas desoladas, e calmou as cousas esquecidas, e a miña alma tivo alivio por un anaco na sepultura do mar. E logo a marea abandonoume de novo.

De acá para alá veu sobre min durante moitos anos. Despois o Consello do Condado atopoume, e deume un enterro decente. Era a primeira sepultura en que por unha vez durmía. Esa mesma noite os meus amigos viñeron por min. Desenterráronme e volvéronme pór novamente na cavidade pouco fonda da lama.

Unha e outra vez a través dos anos os meus ósos atoparon enterro, mais sempre tras o funeral axexaba un daqueles homes terribes que, tan pronto como caía a noite, viñan e me desenterraban e me levaban de volta outra vez ao burato no lodo.

E logo un día morreu o derradeiro daqueles homes que unha vez fixeran comigo esta terríbel cousa. Ouvín a súa alma irse sobre o río no solpor.

E de novo tiven esperanza.

Unhas poucas semanas despois achábanme máis unha vez, e unha vez máis sacábanme dese lugar axitado e dábanme enterro profundo en terra sagrada, onde a miña alma esperaba descansar.

Case ao mesmo tempo chegaron homes con capas e candeas para me devolver á lama, porque o asunto volvérase unha tradición e un rito. E todas as cousas abandonadas mofáronse de min nos seus mudos corazóns cando me viron de volta, por estaren ciumentas de min porque eu deixara a lama. Débese recordar que eu non podía chorar.

E os anos pasaban cara ao mar onde ían as negras barcazas, e os grandes séculos abandonados fóronse perdidos no mar, e aínda eu xacía alí sen motivo ningún para a esperanza, e sen ousar esperar sen un motivo, por mor da terríbel envexa e a ira das cousas que nunca máis podían derivar.

Unha vez unha gran tormenta subiu, até tan lonxe coma Londres, fóra do mar desde o sur; e chegou dobrando no río co feroz vento leste. E era máis imponente ca as aburridas mareas, e veu con grandes saltos sobre a lama apática. E todas as tristes cousas esquecidas gozaron, e mesturáronse con cousas que eran máis altivas ca elas, e flotaron unha vez máis entre as arrogantes embarcacións que eran empurradas arriba e abaixo. E tirou os meus ósos fóra do seu horríbel fogar para non seren, nunca máis, esperaba eu, vexados co devalo e o abalo. E coa baixamar foi cabalgando río abaixo e xirou para o sur, e así marchou ao seu lar. E dispersou os meus ósos entre moitas illas e ao longo das orelas de felices continentes estraños. E por un momento, mentres estiveron repartidos lonxe, a miña alma foi case libre.

Despois alí xurdiu, pola vontade da lúa, o asiduo abalo da marea, e desfíxo no acto o labor do devalo, e reuniu os meus ósos das marxes das illas asolladas, e recolleunos todos polas beiras continentais, e foi abaneando para o norte até que chegou á boca do Támese, e alí xirou para o oeste a súa cara implacábel, e así subiu o río e chegou ao burato na lama, e dentro deixou os meus ósos; e o lodo cubriunos en parte, e en parte deixounos brancos, porque a lama non coída as súas cousas abandonadas.

Logo veu o devalo, e vin os ollos mortos das casa e os ciúmes das outras cousas esquecidas que a tormenta non levara de alí.

E pasaron algúns séculos máis sobre o devalo e mais o abalo e sobre a soidade das cousas esquecidas. E xacín alí todo o tempo no apreixo descoidado do barro, xamais cuberto por completo, con todo nunca capaz de irme ceibe, e botando de menos a gran caricia da cálida Terra ou o colo confortábel do Mar.

Por veces os homes encontraban os meus ósos e soterrábanos, mais a tradición xamais morreu, e os sucesores dos meus amigos sempre os retornaban. Ao cabo as barcazas nunca máis foron, e houbo menos luces; non había moito aboiaban madeiras labradas río abaixo, e alí chegaron no seu lugar vellas árbores arrincadas polo vento con toda a súa simplicidade natural.

Ao fin fun consciente de que en algures preto de min unha chisca de herba estaba a crecer, e a carriza toda comezaba a aparecer sobre as casas mortas. Un día unhas flores de cardo ían á deriva polo río.

Durante algúns anos vixiei atentamente estes sinais, até que se me fixo evidente que Londres finara. Daquela tiven esperanza unha vez máis, e en todo ao longo de ambas as ribeiras do río había ira entre as cousas perdidas que non se atrevían a esperar nada na lama abandonada. Gradualmente as casas horríbeis esborrallaron, até que as pobres cousas mortas que nunca tiveran vida acadaron enterro decente entre as algas e a carriza. Ao cabo apareceu o espiño e a enredadeira. Finalmente, a rosa brava ergueuse sobre montículos que foran peiraos e almacéns. Entón souben que a causa da Natureza triunfara, e Londres finara.

O derradeiro home en Londres veu ao muro polo río, cunha antiga capa que era unha daquelas que unha vez usaran os meus amigos, e asomouse sobre a marxe para ver que eu aínda estaba alí. Logo foise, e nunca vin homes de novo: faleceran xunto con Londres.

Poucos días despois de que marchase o derradeiro home as aves chegaron a Londres, todas as aves que cantan. Cando ao primeiro me viron todas me ollaron de esguello, logo fóronse un chisco e falaban entre si.

-Soamente pecou contra o home –dixeron-; non é a nosa disputa.

-Sexamos bondadosas con el -dixeron.

Daquela brincaron máis preto de min e comezaron a cantar. Era a hora da saída do amencer, e en ambas as marxes do río, e no ceo, e nas matogueiras que unha vez foran rúas, centos de aves estiveron a cantar. Segundo aumentaba a luz os paxaros cantaban cada vez máis; facíanse máis e máis mestos no ar sobre a miña cabeza, até que houbo milleiros cantando alá, e logo millóns, e ao fin non se podía ver ren agás un monte de ás batentes coa luz solar nelas, e pequenos claros de ceo. Entón cando non houbo nada que ouvir en Londres bardante a miríade de notas daquel canto exultante, a miña alma ascendeu dos ósos no burato do barro e comezou a gabear cara ao ceo. E semellaba que un vieiro se abría entre as ás das aves, e subía e subía, e unha das máis pequenas portas do Paraíso estaba entreaberta ao final del. E daquela souben por un sinal que a lama non me recibiría nunca máis, porque de socato atopara que podía chorar.

Nese momento abrín os ollos na cama dunha casa de Londres, e fóra uns pardais estaban a rechouchiar nunha árbore á luz da radiante mañá; e aínda había bágoas a mollaren o meu rostro, porque o refreamento dun é feble mentres se dorme. Mais alpeirei e abrín a fiestra de par en par, e estirando as miñas mans fóra sobre o xardinciño, bendixen os paxaros cuxo canto me acordara dos séculos turbulentos e terríbeis do meu soño.

## BETHMOORA

Hai unha frescura leve na noite de Londres coma se un trouleiro extraviado dunha brisa deixara os seus camaradas nas terras altas de Kent e entrara na cidade con sixilo. Os pavimentos están un pouco húmidos e relucentes. Nos ouvidos dun que nesta hora serodia se fixeron moi agudos golpea o toque dunhas pisadas remotas. Cada vez máis alto crecen os toques, enchendo a noite enteira. E pasa unha negra figura con capa, e vai repicando na escuridade. Un que bailou vai para a súa casa. En algures un baile pechou as súas portas e acabou. As súas luces amarelas apagáronse, os seus músicos están calados, os seus bailaríns marcharon todos ao ar da noite, e o Tempo dixo: “Sé pasado e acabado, e entre as cousas que gardei.”

As sombras comezan a se separar dos seus grandes lugares de reunión. Non menos silenciosamente ca aquelas sombras que sendo delgadas e mortas moven para o seu fogar os sixilosos gatos. Deste modo temos tamén en Londres os nosos leves presaxios da proximidade do amencer, en que os paxaros, as bestas e as estrelas están a gritar en alto aos campos libres.

Non sei en qué momento percibo que a noite de seu está irreversibelmente derrocada. De súpeto revélaseme pola palidez cansa dos farois da rúa que estas están silentes e nocturnas aínda, non porque haxa forza ningunha na noite, senón porque os homes aínda non alpeiraron de durmir para desafiala. Así eu vira gardas abatidos e desleixados aínda a levaren antigos mosquetes nas portas palacianas, aínda que os dominios do monarca que gardan reducíronse a unha soa provincia que inimigo ningún se preocupou aínda en invadir.

E isto maniféstase agora no aspecto dos farois da rúa, eses avergoñados dependentes da noite, que xa os cumes das montañas inglesas viron a alba, que os cantís de Dover se erguen brancos á mañá, que a bruma se levantou e está a se verter terra dentro.



E agora chegaron homes cunha mangueira e andan a regar as rúas.

Contempla agora que a noite está morta.

Que lembranzas, que caprichos ateigan a mente dun! Unha noite menos xusto agora recolleita de Londres pola man horrorífica do Tempo. Un millón de cousas comúns e artificiais envoltas todas por un anaco no misterio, coma mendigos traxeados de púrpura, e sentados en témeros tronos. Catro millóns de persoas durmidas, soñando talvez. En que mundos entraron? Que encontraron? Mais os meus pensamentos están a gran distancia con Bethmoora na súa soidade, cuxas portas se abanean dun lado a outro. De acá para alá abanéanse, e renxen e renxen co vento, mais ninguén as ouve. Son de cobre verde, moi adorábeis, pero ninguén as ve agora. O vento do deserto verte area nos seus gonzos, ningún vixiante vén mitigalas. Garda ningún anda ao redor das ameas de Bethmoora, ningún inimigo as asalta. Non hai luces nas súas casas, nin pisadas nas súas rúas, ela érguese morta e soa alén dos Outeiros de Hap, e eu vería de novo Bethmoora unha vez máis, pero non me atrevo.

Son moitos os anos, contáronme, des que Bethmoora quedou desolada.

Da súa desolación fálase nas tabernas onde se xuntan os mariñeiros, e certos viaxeiros contáronme sobre isto.

Esperaba ver de novo Bethmoora unha vez máis. Son moitos os anos que pasaron, dixéronme, des que se colleu a derradeira vendima nos viñedos que eu coñecía, onde agora todo é deserto. Era un día radiante, e a xente da cidade andaba a bailar polos viñedos, mentres acá e acolá alguén tanxía o kalipac. Os florecentes arbustos purpúreos estaban todos en flor, e a neve brillaba sobre os Outeiros de Hap.

Fóra das portas de cobre prensaban as uvas nas cubas para facer o syrabub. Fora unha excelente vendima.

Nos xardinciños na marxe do deserto homes tocaban o tambang e o tittibuk, e sopraban melodiosamente no zootibar.

Todo era alegría, canción e danza, porque se collera a vendima, e habería abondoso syrabub para os meses invernais, e moito sobraría para trocar por turquesas e esmeraldas aos mercadores que baixan de Oxuhahn. Así gozaban todo o día coa súa vendima na estreita banda de terra cultivada que se estende entre Bethmoora e o deserto que atopa o ceo ao sur. E cando a calor do día comezaba a minguar, e o sol achegábase ás neves nos Outeiros de Hap, a melodía do zootibar aínda se elevaba clara dos xardíns, e os traxes brillantes dos bailaríns aínda se retorcían entre as flores. Todo aquel día advertíronse tres homes sobre mulas cruzando a fronte dos Outeiros de Hap. Adiante e atrás se movían segundo a vereas cobregueaba cada vez máis abaixo, os tres puntiños negros sobre a neve. Víranos ao primeiro pola mañá moi cedo arriba preto do saínte de Peol Jagganoth, e semellaban estar a saír de Utnar Véhi. Avanzaron todo o día. E ao serán, xusto antes de que se acendan as luces e muden as cores, apareceron diante das portas de cobre de Bethmoora. Traían báculos, como levan os mensaxeiros naquelas terras, e parecían sombríamente vestidos cando todos os bailaríns viñeron ao seu redor coas súas vestimentas verdes e lilas. Aqueles europeos que estiveron presentes e ouviron a mensaxe ignoraban a lingua, e soamente pillaron o nome de Utnar Véhi. Mais era breve, e pasou decontado de boca en boca, e case á vez a xente queimou os seus viñedos e comezou a fuxir lonxe de Bethmoora, indo a maioría para o norte, aínda que algúns foron ao leste. Baixaron a correr das súas boas casas brancas, e fluíron a través da porta de cobre; as palpitacións do tambang e do tittibuk de socato cesaron xunto coa melodía do zootibar, e o tintinante kalipac detívose un momento despois. Os tres estraños viaxeiros voltaron ao camiño polo que chegaran no instante en que comunicaron a súa mensaxe. Era a hora en que unha luz debía aparecer nalgunha torre alta, e ventá tras ventá debían verter na noitiña a súa luz espantadora de leóns, e as

portas de cobre debían pecharse. Porén ningunhas luces se acenderon nas xanelas alí aquela noite nin as houbo desde entón, e aquelas portas de cobre quedaron moi abertas e non pecharon nunca, e ergueuse o son do roibo lume crepitando nos viñedos, e a batedura leve dos pés fuxindo ás caladas. Non había gritos, nin outros sons en absoluto, unicamente a rápida e determinada fuxida. Escapaban tan veloz e silenciosamente como foxe unha manda de animais salvaxes cando de repente ve un home. Era coma se sobreviñera algo que se temera durante xeracións, do que só se podía escapar por fuga instantánea, que non deixaba tempo para a indecisión.

Logo o medo tamén apañou os europeos, e igualmente fuxiron. E o que a mensaxe era nunca o ouvín.

Moitos coidan que era unha mensaxe de Thuba Mleen, o misterioso imperador daquelas terras, que xamais foi visto por un home, advertindo que Bethmoora debía quedar desolada. Outros din que a mensaxe era un aviso dos deuses, se de deuses amigos ou adversos non o saben.

E outros sosteñen que a praga estaba devastando unha liña de cidades en Utnar Véhi, seguindo o vento suroeste, que durante moitas semanas estivera a soprar a través delas cara a Bethmoora.

Algúns din que os tres viaxeiros tiñan a terríbel doenza gnousar, e que as súas mesmas mulas estaban empapadas dela, e supoñen que se dirixiran á cidade por mor da fame, pero non suxiren razón ningunha para tan terríbel crime.

Porén os máis opinan que foi unha mensaxe do mesmo deserto, que posúe toda a terra para o sur, proferida co seu grito peculiar a aqueles tres que coñecían a súa voz; homes que estiveran fóra nas inmensidades de area sen tendas pola noite, que estiveran polo día sen auga, homes que estiveran alá fóra onde o deserto rosma, e desenvolvéranse para coñecer as súas necesidades e a súa malevolencia. Din que o deserto tiña necesidade de Bethmoora, que arelaba entrar nas súas adorábeis rúas, e enviar aos seus templos e ás súas casas os seus ventos tormentosos cubertos de area. Porque odia o son e a visión dos homes no seu vello corazón diabólico, e quer ter a Bethmoora silente e queda, salvo para o raro amor que lle bisba ás súas portas.

Se soubese cal foi esa mensaxe que os tres homes trouxeron nas mulas, e dixeron na porta de cobre, coido que debería ir e ver de novo Bethmoora outra vez. Pois unha gran morriña me vén aquí en Londres por ver unha vez máis aquela branca e fermosa cidade, e con todo non me atrevo, porque non sei o perigo ao que debería facer fronte, se me debería expor á furia de atroces deuses descoñecidos, ou a algunha enfermidade indescribíbel e lenta, ou á maldición do deserto ou á tortura nalgún cuartíño privado do Imperador Thuba Mleen, ou a algo que os viaxeiros non dixeron, quizais máis aterrador aínda.

## DÍAS DE LECER NO YANN

Así que baixei a través do bosque á beira do Yann e atopei, segundo se profetizara, o barco *Paxaro do Río* a piques de desamarrar.

O capitán sentábase coas pernas cruzadas sobre a branca cuberta coa cimitarra tendida a carón na súa vaiña enxoiada, e os mariñeiros esforzábanse en despreparar as áxiles velas para levar o barco á corrente central do Yann, e todo o tempo cantaban antigos cantos relaxantes. E o vento do serán descendendo fresco dos campos nevados

dalgunha montañosa morada de deuses distantes chegaba de súpeto, coma novas alegres nunha cidade preocupada, ás velas semellantes a ás.

Así chegamos á corrente central, co cal os mariñeiros arriaron as velas meirandes. Mais eu fora a proa perante o capitán, e pregunteille respecto aos milagres, e as aparicións entre os homes, dos deuses máis santos de calquera país dos que viñera. E o capitán respondeu que viña da bela Belzoond, e que adoraban deuses que eran os máis pequenos e máis humildes, que ao raro enviaban a fame ou o trono, e aplacábanse doadamente con batalliñas. Conteille cómo vin de Irlanda, que está en Europa, co cal o capitán e todos os mariñeiros riron, pois dicían: “Non hai tales lugares en toda a terra dos soños.” Cando cesaron de se mofar de min, expliqueilles que a miña fantasía moraba principalmente no deserto de Cuppar-Nombo, xunto a unha fermosa cidade azul chamada Golthoth a Condenada, que gardaban todo ao redor os lobos e as súas sombras, e que fora completamente desolada durante anos e anos, por mor dunha maldición que os deuses proclamaron unha vez por ira e nunca puideron revogar desde entón. E que ás veces os meus soños me levaron tan lonxe coma Pungar Vees, a vermella cidade amurallada onde están as fontes, que comercia coas Illas e Thul. Cando dixen isto felicítáronme pola morada da miña fantasía, dicindo que, aínda que nunca viran esas cidades, tales lugares ben podían imaxinarse. Durante o resto daquel serán negocieei co capitán a suma que lle debería pagar por unha pasaxe se Deus e a marea do Yann tiñan de nos levar sen perigo tan lonxe coma os cantís cabo do mar, que denominan Bar-Wul-Yann, a Porta do Yann.

Agora o sol puxérase, e todas as cores do mundo e o ceo celebraran unha festa con el, e escapulíranse unha por unha antes da vinda inminente da noite. Os papagaios voaran todos aos seus niños na xungla en calquera das dúas beiras, os monos en ringleiras con seguridade nas altas pólas das árbores estaban silenciosos e durmidos, os vagalumes nas profundidades da selva andaban a subir e baixar, e as grandes estrelas saían relucindo para mirar o rostro do Yann. Daquela os mariñeiros acenderon os farois e penduráronos ao redor do barco, e a luz refulxía fóra nun Yann improviso e cegado, e os parrulos que se alimentaban ao longo das súas orelas pantanosas de repente todos se elevaron, fixeron largos círculos no ar máis alto, e viron os tramos distantes do Yann e a branca néboa que devagar cubría a xungla, antes de retornaren outra vez aos seus pantanos.

Despois os mariñeiros axeonlláronse nas cubertas e oraron, non todos xuntos, senón cinco ou seis á vez. Costado con costado alí axeonllados para abaixo xuntos cinco ou seis, porque alí só rezaban ao mesmo tempo homes de fes diferentes, de modo que ningún deus ouvise dous homes rezándolle á vez. Tan pronto como un remataba a súa pregaría, outro da mesma fe tomaba o seu posto. Así se axeonllaba a fileira de cinco ou seis coas cabezas inclinadas so a vela ondeante, en tanto a corrente central do río Yann levábaos cara ao mar, e as súas pregarías ascendían entre os farois e ían para as estrelas. Detrás deles no final da popa do barco o temoeiro pregaba en alto a oración do temoeiro, que rezan todos os que practican o seu comercio sobre o río Yann, de calquera fe que sexan. E o capitán rezou aos seus pequenos deuses menores, aos deuses que bendín Belzoond.

Eu tamén sentín que quería orar. Con todo non me gustaría rezarlle a un deus ciumento alí onde os deuses febles e afectuosos amados polo ceo llelos invoca humildemente; deste modo lembreime, en troca, de Sheol Nugganoth, ao que os homes da xungla abandonaran desde había tempo, que está agora sen culto e só; e pregueille a el.

E sobre nós rezando caeu a noite de súpeto, como vén sobre todos os homes que oran ao serán e sobre todos os homes que non o fan; non obstante as nosas pregarías confortaron as nosas almas cando pensamos na Gran Noite que chegaba.

Así o Yann nos levaba magnificamente adiante, porque estaba triunfante coa neve fundida que o Poltiades lle trouxera desde os Outeiros de Hap, e o Marn e o Migris estaban crecidos coas enchentes; e levounos no seu pleno poderío alén de Kyph e Pir, e vimos as luces de Goolunza.

Pronto todos estivemos durmidos agás o temoeiro, que mantiña o barco na corrente media do Yann.

Cando o sol se ergueu o temoeiro deixou de cantar, porque co canto se animaba na noite solitaria. Cando cesou a cantiga acordamos todos de repente, outro tomou o leme, e o temoeiro durmiu.

Sabiamos que pronto chegaríamos a Mandaroon. Fixemos unha comida, e Mandaroon apareceu. Daquela o capitán dirixiu, os mariñeiros arriaron novamente as velas meirandes, o barco virou e deixou a corrente do Yann e entrou nun porto so as murallas roibas de Mandaroon. Logo mentres os mariñeiros ían e collían froitas cheguei só á porta de Mandaroon. Unhas poucas cabanas estaban fóra, nas que vivía a garda. Unha sentinela cunha longa barba branca estaba de pé na porta, armado cunha pica ferruxenta. Levaba uns anteollos largos, que estaban cubertos de po. A través da porta vin a cidade. Unha quietude mortal estaba sobre toda ela. Os camiños parecían sen pisar, e o brión era mesto nos limiares; na praza do mercado figuras confusas xacían durmidas. Un cheiro de incenso viña flotando polo arco da entrada, de incenso e durmideiras queimadas, e había un rumor dos ecos de sinos distantes. Díxenlle á sentinela no idioma da rexión do Yann: “Por que están todos durmidos nesta queda cidade?”

Respondeume: “Ninguén pode facer preguntas nesta porta por medo de que acorden a xente da cidade. Pois cando a xente desta cidade esperte os deuses morrerán. E cando os deuses morran os homes nunca máis poderán soñar.” Comezáballe a preguntar qué deuses adoraba aquela cidade, mais alzou a súa pica porque ninguén podía facer preguntas alí. Así que o deixei e regresei ao *Paxaro do Río*.

Mandaroon era certamente fermosa cos seus albos pináculos asomando sobre as súas murallas roibas e o verde dos seus tellados de cobre.

Cando volví de novo ao *Paxaro do Río*, atopei que os mariñeiros retornaran ao barco. Pronto izamos a áncora, navegamos de novo, e así chegamos unha vez máis ao meio do río. Agora o sol movíase cara á súa elevación, e alí alcanzábanos no río Yann o canto desas incontábeis miríades de coros que o acompañan na súa marcha ao redor do mundo. Porque as criaturiñas que teñen moitas patas despregaran as súas ás de gasa doadamente no ar, coma un home apoia os seus cóbados nun balcón e ofrece xubiloso gabanzas cerimoniais ao sol, ou doutro xeito movíanse xuntas no ar en oscilantes danzas enleadas e veloces, ou desvíábanse para eludir a acometida dalgunha gota de auga que a brisa sacudira dunha orquídea selvática, enfriando o ar e impulsándose diante del, cando caía zunindo no seu avance á terra; mais todas entrementes cantaban triunfalmente: “Porque o día é para nós –dicían-, tanto se o noso grande e sagrado pai o Sol crie máis vida coma nós nos pantanos, coma se o mundo todo acabe esta noite.” E alí cantaban todas cuxas notas coñecen os ouvidos humanos, así como aquelas cuxas moito máis numerosas notas nunca as escoitou o home.

Para estas un día chuvioso sería coma unha era de guerra que desolase continentes durante a vida enteira dun home.

Alí saíron tamén da xungla escura e húmida para contemplar e gozar o sol as enormes e lentas bolboretas. E bailaban, pero bailaban con lecer, nos camiños do ar,

coma algunha raíña altiva de lonxincuas terras conquistadas podería danzar na súa pobreza e exilio, nalgún campamento de xitanos, polo simple pan para vivir, porén alén diso nunca aplacaría o seu orgullo para bailar por un pedazo máis.

As bolboretas cantaron sobre cousas estrañas e pintadas, sobre orquídeas purpúreas, e sobre perdidas cidades rosadas e as cores monstruosas da podremia da xungla. E elas, tamén, estaban entre aquelas cuxas voces non discernen os ouvidos humanos. Cando flotaban sobre o río, indo de bosque en bosque, o seu esplendor rivalizaba coa beleza inimiga dos paxaros que voaban coma frechas para perseguilas. Ou ás veces asentábanse nas albas e céreas flores da planta que se arrastra e gabea polas árbores forestais; e as súas ás purpúreas relampaban sobre as grandes flores coma cando nas caravanas que van de Nurl a Thace as sedas relucen aluistran sobre a neve, onde os hábiles mercadores as despregan unha por unha para asombrar os montañeses dos Outeiros de Noor.

Mais sobre homes e bestas o sol enviaba somnolencia. Os monstros do río ao longo das ribeiras xacían aletargados na lama. Os mariñeiros armaron un pavillón, con borlas douradas, para o capitán na cuberta, e logo fóronse, todos agás o temoeiro, debaixo dunha vela que colgaran coma un toldo entre dous mastros. Daquela se relataron contos os uns aos outros, cada quen da súa cidade ou dos milagres do seu deus, até que todos caeron durmidos. O capitán ofreceume a sombra do seu pavillón con borlas douradas, e alí falamos durante un tempo, el contándome que estaba a levar mercadoría a Perdóndaris, e traería de volta á linda Belzoond cousas pertencentes aos negocios do mar. Logo, mentres observaba a través da abertura do pavillón as brillantes aves e bolboretas que cruzaban unha e outra vez sobre o río, caín durmido, e soñei que era un monarca entrando na súa capital so arcos de bandeiras, e todos os músicos do mundo estaban alí, tocando melodiosamente os seus instrumentos; porén ninguén me aclamaba.

Polo serán, cando o día arrefecía de novo, acordei e atopei o capitán abrochándose a súa cimitarra, que se quitara mentres repousaba.

Agora andabamos achegándonos ao amplo adro de Astahahn, que se abre sobre o río. Estrañas barcas de deseño antigo estaban encadeadas nos chanzos. Cando nos aproximamos vimos o aberto adro marmóreo, en tres lados do cal levantábase a cidade enfrontada con columnatas. E no adro e ao longo das columnatas a xente daquela cidade andaba con solemnidade e coidado conforme os ritos de antiga cerimonia. Todo naquela cidade era de traza antiga; a feitura das casas, que, cando a idade a crebara, ficara sen reparar, era de tempos moi remotos, e allur representábanse en pedra bestas que había moito que pasaran pola terra: o dragón, o grifón, o hipogrifo e as diferentes especies de gárgola. Nada se podía encontrar, material ou de costume, que fose novo en Astahahn. Na altura todos non fixeron caso de nós cando chegamos, senón que seguiron as súas procesións e cerimonias na vella cidade, e os mariñeiros, coñecendo o seu hábito, non fixeron caso deles. Mais eu chamei, cando chegamos preto, a un que permanecía a carón da orella da auga, preguntándolle que facían os homes en Astahahn e cal era a súa mercadoría, e con quen comerciaban. El dixo: “Aquí agrilloamos e esposamos o Tempo, que se non mataría os deuses.”

Pregunteille qué deuses adoraban naquela cidade, e díxome: “Todos aqueles deuses que o Tempo non matou aínda.” Logo volveuse e non dixo máis nada, pero entretívose comportándose de acordo co vello costume. E así, conforme á vontade do Yann, derivamos avante e deixamos Astahahn. O río ensanchaba abaixo de Astahahn, e atopamos en moi grandes cantidades aquelas aves que apresan peixes. Eran moi maravillosas as súas plumaxes, e non saían da xungla, mais voaban, cos seus longos

pescozos estarricados adiante e coas súas patas tendidas no vento atrás, rectas no río sobre a corrente central.

Logo o serán comezou a recollerse. Unha néboa mesta e branca apareceu sobre o río e andaba a levantarse suavemente máis alto. Agarrábase ás árbores con brazos longos e impalpábeis, levantábase máis e máis alto, arrefecendo o ar; e brancas formas afastábanse na xungla coma se as pantasmas dos mariños naufragados estivesen a buscar ás furtadelas na escuridade os espíritos do mal que moito tempo atrás as botaran a pique no Yann.

Cando o sol descendeu detrás do campo de orquídeas que crecían no enmarañado cume da xungla, os monstros do río saíron envorcallándose da lama en que se recostaran durante a calor do día, e as grandes bestas da selva baixaron a beber. As chorumas había un anaco que marcharan a descansar. Nos afluentes pequenos e angostos que pasabamos a noite semellaba que xa caera, malia que o sol que desaparecera para nós non se puxera aínda.

Logo as aves da xungla volvían ao fogar voando lonxe sobre nós, coa luz solar brillando rosada nos seus peitos, e baixando as súas puntas aladas tan pronto como vían o Yann, e deixábanse caer nas árbores. E o pato asubiador comezou a remontar o río en grandes bandos, todos asubiando, logo de súpeto xiraron e todos descenderon de novo. Alí pasou a correr xunto a nós o pequeno charneco coma unha frecha; e ouvimos os múltiplos gritos das bandadas de gansos, que os mariñeiros me dixeron que chegaran recentemente de cruzaren sobre os cordais lispasiáns; cada ano veñen polo mesmo camiño, próximo ao pico de Mluna, deixándoo á esquerda, e as aguias montañesas coñecen a ruta que seguen e –os homes din- mesmo a hora, e cada ano esperáanos no mesmo camiño en canto as neves caeron sobre as Chairas Setentrionais. Porén pronto se fixo tan escuro que non ouvimos aquelas aves máis, soamente ouviamos o zunzún das súas ás, e doutras incontábeis ademais, até que todas se pousaron ao longo das beiras do río, e foi a hora en que saíron as aves da noite. Daquela os mariñeiros acenderon os farois para a noite, e avelaiñas enormes apareceron, batendo as ás sobre o barco, e por momentos as súas cores magníficas revelábanse cos farois, logo entraban na noite novamente, onde todo era preto. Outra vez os mariñeiros rezaron, e a partir de entón ceamos e durmimos, e o temoeiro tomou as nosas vidas ao seu coidado.

Cando acordei atopei que en efecto chegáramos a Perdóndaris, a famosa cidade. Porque alí erguíase sobre a nosa esquerda, unha cidade bela e notábel, e todo o máis pracenteira para os nosos ollos após a xungla que nos durara tanto. Ancoramos cabo da praza do mercado, a mercancía do capitán estaba toda exposta, e un mercador de Perdóndaris detívose a ollala. O capitán tiña a súa cimitarra na man, golpeaba irado con ela sobre a cuberta e as achas saían a voar das táboas brancas; porque o mercador lle ofrecera un prezo pola súa mercadoría que o capitán declarou que era un insulto a el e aos deuses do seu país, que agora dixo que eran deuses grandes e terríbeis, cuxas maldicións eran de temer. Mais o mercador axitou as mans, que eran de gran gordura, amosando as palmas rosadas, e xurou que non llo pensaba de ningún modo por el, senón só pola pobre xente das cabanas alén da cidade á que desexaba venderlle a mercancía por un prezo tan baixo como fose posíbel, quedándose sen remuneración. Porque a mercadoría era na súa maioría as mestas alfombras toomarund que no inverno abrigan do vento no chan, e tollub que a xente fuma en cachimbas. Por tanto o mercador dixo que se lle ofrecía un piffek máis a pobre xente debería quedarse sen as súas toomarunds cando chegase o inverno, e sen o seu tollub nos seráns, ou doutro modo el e seu ancián pai deberían pasar fame xuntos. Nisto o capitán puxo a cimitarra na súa propia gorxa, dicindo que agora era un home arruinado, e que nada lle restaba agás a morte. Namentres levantaba coidadosamente a súa barba coa man esquerda, o mercador ollou

de novo a mercancía, e dixo que antes de ver a tan digno capitán morrer, un home por quen concibira un amor especial cando viu por primeira vez a maneira con que manexaba o seu barco, el e seu ancián pai debían pasar fame xuntos e polo tanto ofreceulle quince piffeks máis.

Cando dixo isto o capitán prostrouse e pregou aos seus deuses que puidesen amolecer aínda máis o amargo corazón deste mercador; aos seus deusiños menores, aos deuses que bendín Belzoond.

Ao cabo o mercador ofreceulle aínda cinco piffeks máis. Entón o capitán chorou, porque dicía que o abandonaran os seus deuses; e o mercador tamén chorou, porque dicía que estaba a pensar no seu ancián pai, e como pronto pasaría fame, agochou a súa cara chorosa con ambas as mans, e ollou o tollub de novo entre os seus dedos. Así o trato concluíu, e o mercador apañou a toomarund e o tollub, pagándoos dunha grande e tintinante bolsa. Estes embálaronse de novo en fardos, e tres escravos do mercador cargáronos encol das súas cabezas cara á cidade. Todo o tempo os mariñeiros estiveran sentados en silencio, coas pernas cruzadas en meia lúa sobre a cuberta, vixiando o trato con impaciencia, e agora un murmurio de satisfacción elevouse entre eles, e comezaron a comparalo entre si con outros tratos que coñeceran. Souben por eles que hai sete mercadores en Perdóndaris, que viñeran todos un por un até o capitán antes de que o releo comezase, e cada quen advertiuno en privado contra os outros. A todos os mercadores ofrecéralles o capitán o viño de seu propio país, que fixeran na bela Belzoond, mais non puido de xeito ningún convencelos para isto. Porén agora que o trato rematara, e os mariñeiros estaban sentados na primeira comida do día, o capitán apareceu entre eles cunha barrica daquel viño, abrímolos con coidado e celebrámolos xuntos. O capitán tiña alegría no corazón pois sabía que había moito honor nos ollos dos seus homes por mor do trato que fixera. Así os mariñeiros beberon o viño da súa terra nativa, e pronto os seus pensamentos voltaron á bela Belzoond e ás cidades veciñas de Durl e Duz.

Mais o capitán verteu para min nun xerro un forte viño marelo dunha pequena xerra que gardaba á parte entre as súas cousas sagradas. Era espeso e doce, mesmo coma o mel, con todo había no seu corazón un poderoso e ardente lume que tiña autoridade sobre as almas dos homes. Estaba feito, contoume o capitán, con gran delicadeza pola arte secreta dunha familia de seis membros que viven nunha cabana nas montañas de Hian Min. Unha vez nesas montañas, dixo, seguía o rastro dun oso, e deu de súpeto cun home desa familia que cazara o mesmo oso, estaba ao final dun camiño estreito con precipicios ao seu redor, e a súa lanza estaba cravada no oso, a ferida non era fatal e non tiña outra azagaia. O oso camiñaba cara ao home, moi devagar, xa que a súa ferida amolábao; no entanto estaba xa moi cerca. O que fixo o capitán non mo dixo, mais cada ano en canto as neves están duras, e viaxar é doado nas Hian Min, aquel home baixa ao mercado das chairas, e sempre deixa para o capitán na porta da bela Belzoond unha vasilla dese inestimábel viño secreto.

Mentres eu sorbía o viño e o capitán falaba, acordeime das cousas nobres e valentes que planeara decididamente había moito, a miña alma semellou facerse máis forte dentro de min e dominar o curso todo do Yann. Pode ser que daquela durmise. Ou, se non o facía, agora non recordo minuciosamente cada detalle das ocupacións daquela mañá. Contra o serán, acordei e desexei ver Perdóndaris antes de marcharmos pola mañá, e non podendo espertar o capitán, desembarquei só. De certo Perdóndaris era unha cidade poderosa; estaba rodeada por unha muralla de gran fortaleza e altura, habendo galerías para que entrasen as tropas, ameas ao longo de toda a rolda, quince torres sobre ela de milla en milla, e placas de cobre ben abaixo onde os homes as puidesen ler, contando en todas as linguas daquelas partes da Terra –un idioma en cada

placa- o relato de cómo unha vez un exército atacou Perdóndaris e o que lle ocorreu a ese exército. Logo entrei en Perdóndaris e achei a xente toda a danzar, vestida con sedas brillantes, tocando o tambang mentres bailaban. Porque unha arrepiante tormenta de tronos os estarecera en tanto eu durmía, os fogos da morte, dicían, danzaran sobre Perdóndaris, e agora o trono fórase saltando cumprido, negro e espantoso, dicían, sobre os outeiros distantes, volvérase gruñendoos, mostrando os seus relucentes dentes, e pateara, cando se foi, nos cumes dos outeiros até que resoaron coma se fosen de bronce. A miúdo paraban de novo os seus alegres bailes e rogaban ao Deus que non coñecían, dicindo: “Ó, Deus que descoñecemos, agradecémoste que enviases o trono de volta ás súas cuñas.” Seguí e cheguei á praza do mercado, alí xacendo sobre o pavimento de mármore vin o mercador profundamente durmido e alentando fortemente, coa face e as palmas das mans cara ao ceo, e os escravos abanábanlle para escorrentar as moscas. Da praza do mercado cheguei a un templo prateado e despois a un pazo de ónix, había moitas marabillas en Perdóndaris, eu quedariame e veríaaas todas, pero cando cheguei á muralla externa da cidade de súpeto vin nela unha enorme porta de almafí. Por un anaco detívenme e admireina, logo cheguei máis preto e percibín a espantosa verdade. A porta tallárase dunha soa peza!

Fuxín deseguida a través do camiño da porta e baixei ao barco, e inclusive mentres corría coidei que ouvía remotamente nos outeiros detrás de min o andar pesado da aterradora besta á que despoixaran daquela masa de almafí, que estaba talvez mesmo daquela buscando o seu outro cairo. Cando estiven de novo no barco sentínme máis seguro, e non lles dixen ren aos mariñeiros do que vira.

Logo o capitán foi espertando pouco a pouco. Agora a noite estaba a aparecer desde o leste e máis o norte, soamente os pináculos das torres de Perdóndaris tocaban aínda a descendida luz solar. Entón fun xunto ao capitán e conteille en voz baixa as cousas que vira. El preguntoume á vez verbo da porta, nunha voz baixa, para que os mariñeiros non puidesen sabelo; conteille como o peso da cousa era tal que non se puido traer desde moi lonxe, e o capitán sabía que iso non estaba alí había un ano. Estivemos de acordo que tal besta xamais se podería matar cun ataque humano, e que a porta debía de ser dun cairo caído, e un caído preto e recentemente. Por conseguinte decidíu que sería mellor fuxir decontado; así ordenou, os mariñeiros foron ás velas, outros levantaron a áncora a cuberta, e xusto cando o pináculo marmóreo máis alto perdía os últimos raios de sol deixamos Perdóndaris, aquela cidade famosa. A noite caeu e cubriu Perdóndaris e fíxoo aos nosos ollos, que cando as cousas sucederon nunca se verán outra vez; porque ouvín desde entón que algo algo rápido e marabilloso destruíra de sotaque Perdóndaris nun día: torres, murallas e xente.

E a noite afondaba sobre o río Yann, unha noite toda branca con estrelas. Coa noite elevouse a canción do temoeiro. En canto rezou principiou a cantar para se animar todo pola noite solitaria. Mais primeiro orou, rezando a oración do temoeiro. Isto é o que lembro dela, traducido a un inglés cunha moi feble equivalencia do ritmo que parecía tan resoante naquelas noites tropicais:

“A calquera deus que poida ouvir.

»Onde queira que haxa mariñeiros tanto de río coma de mar; se a súa ruta é escura ou a través da tormenta; se o seu perigo é de besta ou de rocha; ou de inimigo axexante na terra ou perseguindo no mar; onde queira que o leme estea frío ou o temoeiro engoumado; onde queira que os mariñeiros durman ou o temoeiro vixíe; gárdanos, guíanos e devólvenos á nosa vella terra, que nos coñeceu; aos fogares distantes que coñecemos.

»A todos os deuses que son.

»A calquera deus que poida ouvir.”



Así rezou, e había silencio. Os mariñeiros deitáronse para descansar pola noite. O silencio afondou, e só o creaban as ondas do Yann que tocaban lixeiramente a nosa proa. Por veces algún monstro tusía.

Silencio e ondas, ondas e silencio outra vez.

Logo a súa soidade deu co temoeiro, e comezou a cantar. Cantou as cantigas de mercado de Durl e Duz, e as vellas lendas de dragóns de Belzoond.

Moitas cancións cantou, contándolle ao espazoso e exótico Yann os contiños e chismes da súa vila de Durl. As cantigas manaban sobre a selva negra e entraban no claro ar frío enriba, e os grandes bandos de estrelas que miran o Yann comezaron a saber dos asuntos de Durl e Duz, dos pastores que moraban entre os seus campos, e dos rabaños que tiñan, dos amores que quixeran, e de todas as pequenas cousas que esperaban facer. E mentres eu xacía envolto en peles e mantas, a escoitar esas cancións, e obsendo as formas fantásticas das grandes árbores coma xigantes a axexaren a través da noite, caín durmido de repente.

Cando acordei grandes néboas andaban a arrastrarse fóra do Yann. A corrente do río estaba axitándose agora tumultuosamente, e aparecían pequenas ondas; porque o Yann presentira de lonxe as antigas penedías de Glorm, e sabía que as súas arroiadas permanecían frescas diante del onde se debía encontrar co feliz e bravo Irillion gozando dos campos de neve. Así que se quitou de enriba o sono letárxico que lle sobreviñera na quente e recendente xungla, esqueceu as súas orquídeas e bolboretas, e arrastrouse turbulento, expectante e forte; e pronto os picos nevados dos Outeiros de Glorm chegaron brillantes á súa vista. Agora os mariñeiros foron espertando do seu sono. Axiña todos comemos, logo o temoeiro deitouse abaixo para durmir en tanto un compañeiro tomaba o seu posto, e todos despregaron sobre el as súas máis selectas peles.

Ao pouco tempo ouvimos o son que o Irillion facía cando baixaba bailando dos campos de neve.

Daquela vimos a arroiada nos Outeiros de Glorm pódose pendente e uniforme perante nós, a cuxo interior nos levaban os brincos do Yann. Agora deixamos a selva vaporosa e respiramos o ar da montaña; os mariñeiros puxéronse de pé e respiraron fondo, e pensaron nos seus propios e remotos outeiros acroctiáns en que estaban Durl e Duz; debaixo deles nas chairas atópase a bela Belzoond.

Unha gran sombra acollíase entre os precipicios de Glorm, pero as penedías refulxían sobre nós coma lúas retortas, e case lucían a penumbra. Cada vez máis alto chegaba o canto do Irillion, e o son da súa danza baixaba dos campos de neve. Pronto o vimos branco e cheo de brétemas, coroado de arcos da vella delicados e pequenos que arrincara de arriba preto do cume da montaña nalgún xardín celestial do sol. Despois foise para o mar co enorme e gris Yann e a arroiada alargouse, abriuse ao mundo, e o noso navío oscilante saíu á luz do día.

E toda aquela mañá e toda aquela tarde atravesamos os pantanos de Pondoover; e o Yann ensanchouse alí, fluía solemne e amodo, e o capitán pediu aos mariñeiros que tocasen as campás para superar a melancolía dos pantanos.

Ao cabo as montañas irusiás puxéronse á vista, mantendo as aldeas de Pen-Kai e Blut, e as rúas divagantes de Mlo, onde os cregos propician o alude con viño e millo. Despois caeu a noite sobre as chairas de Tlun, e vimos as luces de Cappadarnia. Ouvimos os pathnitas batendo nos tambores cando pasamos Imaut e Golzunda, logo todos durmimos agás o temoeiro. E as aldeas espaxadas ao longo das ribeiras do Yann ouviron toda aquela noite na lingua descoñecida do temoeiro as cancións das cidades que non coñecían.

Acordei antes do abreinte cunha sensación de ser infeliz antes de lembrar por qué. Daquela recordei que para o serán do día vindeiro, segundo todas as probabilidades previstas, debiamos chegar a Bar-Wul-Yann, e debíame separar do capitán e os seus mariñeiros. Gustárame o home porque me dera o seu viño marelo que estaba colocado á parte entre as súas cousas sagradas, e polas moitas historias que me contara sobre a súa bela Belzoond entre os outeiros acroctiáns e o Hian Min. Gustáranme os costumes que tiñan os seus mariñeiros, e as oracións que rezaban polo serán uns xunto aos outros, sen sentiren rancores uns doutros polos seus estraños deuses. E tomáralle gusto tamén ao xeito tenro en que a miúdo falaban de Durl e Duz, porque é bo que os homes amen as súas cidades nativas e os outeiriños que conteñen esas cidades.

E chegara a saber a quen encontrarían cando regresasen aos seus fogares, e onde pensaban que sucederían os encontros, uns nun val dos outeiros acroctiáns onde a estrada sobe de Yann, outros na porta de entrada dunha ou outra das tres cidades, e outros xunto á lareira no fogar. Pensei no perigo parello que nos ameazara a todos fóra de Perdóndaris, un perigo que, segundo as cousas que ocorreron, foi moi real.

E pensei tamén no canto alegre do temoeiro na fría e solitaria noite, e en como tivera as nosas vidas nas súas mans coidadosas. Mentres pensaba isto o temoeiro cesou de cantar, mirei arriba e vin que unha pálida luz aparecera no ceo, e a solitaria noite pasara; a alba ampliábase, e os mariñeiros acordaban.

Pronto vimos a marea do mar avanzando resolta entre as beiras do Yann, e o Yann abalanzábase axilmente contra ela e lidaban un pedazo; logo o Yann e todo o que era seu foi empurrado atrás para o norte, así que os mariñeiros tiveron de izar as velas e, sendo o vento favorábel, proseguimos aínda adiante.

E pasamos Gondara, Narl e Haz. Vimos a memorábel e santa Golnuz, e ouvimos a pregaría dos peregrinos.

Cando espertamos tras o descanso do meiodía andabamos a chegar a Nen, a última das cidades no río Yann. A selva estaba ao redor de nós novamente unha vez máis, e en torno a Nen; porén as grandes serras de Mloon elevábanse sobre todas as cousas, e contemplaban a cidade desde alén da xungla.

Aquí ancoramos, o capitán e eu subimos á cidade e atopamos que os vagabundos entraran en Nen.

Os vagabundos eran unha estraña e escura tribo, que unha vez cada sete anos baixaba dos picos de Mloon, cruzando por un paso que eles coñecen desde unha terra fantástica que se acha máis alá. A xente de Nen estaba toda fóra das súas casas, e todos ficaban asombrados nas súas propias rúas. Porque os homes e mulleres dos vagabundos ateigaban todos os camiños, e cada un facía algunha cousa estraña. Uns bailaban incríbeis danzas que aprenderan do vento do deserto, curvándose e xirando rapidamente até que o ollo non os podía seguir moito tempo. Outros tocaban en instrumentos fermosas melodías queixosas que estaban cheas de horror, cuxas almas llelas aprenderan perdidas pola noite no deserto, aquel estraño e lonxincuo deserto do que viñan os vagabundos.

Ningún dos seus instrumentos eran iguais aos que coñecían en Nen nin en ningures da rexión do Yann; inclusive os cornos fóra de que algúns os fixeran de bestas que ninguén vira polo río, porque tiñan pugas nas puntas. E cantaban, na lingua de ninguén, cancións que semellaban similares aos misterios da noite e ao medo irracional que aparece nos lugares escuros.

Agremente todos os cans de Nen receaban deles. E os vagabundos contaban os uns aos outros historias aterradoras, porque aínda que ninguén en Nen sabía ren do seu idioma con todo podían ver o medo nas caras dos ouvintes, e cando o conto finalizaba o branco dos seus ollos amosábase vividamente espavorecido coma os ollos dalgún

animaliño ao que o gabián agarrou. Logo o narrador do conto sorría e paraba, e outro contaba a súa historia, e os beizos do narrador do primeiro conto tremían co medo. E se algunha serpe mortífera acertaba a aparecer os vagabundos recibíana coma unha irmá, e a serpe semellaba darlles os seus saúdos antes de continuar de novo. Unha vez a máis feroz e letal das serpes tropicais, a xigante lythra, saíu da xungla e baixou toda a rúa, a rúa central de Nen, e ningún dos vagabundos afastouse dela, pero todos tocaron sonoramente nos tambores, coma se fose un persoeiro de moita honra; e a serpente moveuse polo meio deles e non feriu a ningún.

Mesmo os nenos vagabundos podían facer cousas estrañas, pois se algún se atopaba cun neno de Nen os dous fitábanse entre si en silencio con grandes ollos graves; logo o cativo dos vagabundos tiraba devagar do seu turbante un peixe vivo ou unha serpe. E os meniños de Nen non podían facer nada dese tipo en absoluto.

Desexara moito quedarme e ouvir o himno co que saudan á noite, que é respondido polos lobos nas alturas de Mloon, mais agora era o tempo de levantar a áncora de novo xa que o capitán puido retornar de Bar-Wul-Yann coa preamar. Así que fomos a bordo e continuamos abaixo polo Yann. O capitán e eu falabamos pouco, porque pensabamos na nosa separación, que debía ser por longo tempo, e observabamos en troca o esplendor do sol de poñente. Pois o sol era un ouro arroibado, mais unha néboa feble cubría a selva, estendéndose baixa, e dentro dela vertíase o fume das cidadañas da selva, e o seu fume encontrábase xuntamente na brétema e uníanse nun calixe, que se volvía púrpura, e lucía co sol, como os pensamentos dos homes se volven santificados por unha cousa grande e sagrada. Por veces unha columna dunha casa solitaria alzábase máis alta ca o fume das cidades e relucía de seu no sol.

Agora cando os últimos raios do sol estaban máis cerca do plano horizontal, vimos a vista que eu viñera ver, porque de dúas montañas que se levantaban en cada ribeira dous cantís de mármore rosado saían no río, todo brillando coa luz do sol baixo, e eran completamente lisos e de altura montañosa, e achábanse moi preto, e o Yann precipitábase entre eles e atopaba o mar.

Isto era Bar-Wul-Yann, a Porta do Yann, e na distancia a través daquel espazo na barreira vin o azul e inefábel mar, onde barquiñas de pescadores ían relucindo.

O sol púxose, o breve crepúsculo veu, e o xúbilo da gloria de Bar-Wul-Yann fórase, con todo aínda brillaban os cantís rosados, o máis lindo prodixio que o ollo contemplou; e isto nunha terra de marabillas. Axiña a noite deu lugar á saída das estrelas, e as cores de Bar-Wul-Yann foron diminuíndose ao lonxe. A vista daqueles cantís foi para min coma unha corda de música que a man dun mestre lanzou do violín, e que leva ao ceo ou ao reino das fadas os espíritos trémulos dos homes.

E agora ancoraron preto da orela e non foron máis lonxe, porque eran mariñeiros do río e non do mar, e coñecían o Yann pero non as correntes de máis alá.

Chegara o momento en que o capitán e eu nos debiamos separar, el para regresar á súa bela Belzoond á vista dos picos distantes do Hian Min, e eu para encontrar por estraños meios o meu camiño de volta a eses campos neboentos que todos os poetas coñecen, onde se erguen misteriosas casiñas campestres a través de cuxas ventás, mirando para o oeste, podedes ver os campos dos homes, e mirando para o leste vedes relucentes montañas élficas, encapuchadas de neve, indo serra tras serra á rexión do Mito, e alén ao reino da Fantasía, que pertence ás terras do Soño. Moito tempo contemplámonos o un ao outro, sabendo que non nos habiamos de encontrar máis nunca, porque a miña imaxinación está a fraquear conforme os anos pasan, e entro cada vez máis raramente nas terras do Soño. Despois estreitámonos as mans, toscamente pola súa parte, porque non é o método de saúdo no seu país, e encomendou a miña alma ao

coidado dos seus propios deuses, aos seus deusiños menores, os humildes, aos deuses que bendín Belzoond.

## A ESPADA E O ÍDOLO

Era un serán frío de inverno ao final da Idade de Pedra; o sol marchara chameante sobre as chairas de Thold; non había nubes, só o frío ceo azul e a inminencia das estrelas; e a superficie da Terra durmida que se comezaba a endurecer contra o frío da noite. Nese momento das súas goridas alpeiraron, sacudíronse e fóronse ás agachadas aqueles fillos da Terra para os que é a lei roldar polo exterior en canto a noitiña caeu. Ían petando suavemente na chaira, os seus ollos brillaban na escuridade, e cruzábanse unha e outra vez os uns cos outros nos seus percursos. De repente fíxose manifesto no meio da chaira aquel terríbel agoiro da presenza do home: un lumiño pestanexante. Os fillos da Terra que roldan polo exterior de noite mirárono de esguello, gruñiron e afastáronse aos poucos; todos agás os lobos, que chegaron un pouco máis cerca, pois era inverno e os lobos estaban esfameados, viñeran por milleiros das montañas, e dicíanse nos seus corazóns: “Somos fortes.” Ao redor do lume unha pequena tribo acampara. Eles tamén viñeran das montañas, e das terras de alén delas, pero foi nas montañas onde os lobos os osmaron por primeira vez; recolleron ao primeiro os ósos que a tribo deixara, mais agora estaban máis preto e por todos os lados. Foi Loz o que acendera o lume. Matara unha pequena besta peluda, guindándolle o seu machado de pedra, e xuntara unha cantidade de pedras castaño-avermelladas, e puxéraas nunha longa fileira, e colocara anacos da pequena besta todo ao longo dela; logo acendeu un lume en cada lado, as pedras quentáronse, e os pedazos comezaron a asarse. Foi neste momento cando a tribo se decatou de que os lobos que os seguiran tan lonxe non estarían moito tempo contentes cos restos dos campamentos desertos. Unha liña de ollos amarelos rodeábaos, e cando se movía era para se achegar máis. Así que os homes da tribo crebaron ás présas maleza, pincharon unha arboriña cos seus machados de sílex, amorearon todo sobre o lume que Loz fixera, e durante un anaco o gran montón agochou a chama, e os lobos avanzaron trotando e sentáronse de novo sobre as súas ancas moito máis preto ca antes; e os feros e afoutos cans que pertencían á tribo coidaron que a súa fin estaba para chegar mentres loitaban, conforme prediciran desde había moito. Daquela a lapa alcanzou a elevada pía de maleza, chimpouse fóra dela, medrou polo lado, e levantouse fachendosamente lonxe sobre o curuto, e os lobos ao ver este terríbel aliado do home revelándose aquí na súa fortaleza, non sabendo ren da traizón frecuente aos seus amos, fóronse devagar coma se matinaran outros propósitos. E polo resto daquela noite os cans do campamento latíronlles e suplicáronlles que voltasen. Mais a tribo deitouse toda ao redor da cacharela baixo peles grosas e durmiu. Un gran vento ergueuse e soprou no corazón ruxinte do lume até que non estivo vermello por moito, senón todo pálido con calor. Coa alba a tribo acordou.

Loz podía saber que após unha conflagación poderosa tal nada podía restar da súa pequena besta peluda, porén tiña fame e unha pouca razón cando buscaba entre as cinsas. O que atopou alí abraiouno en exceso; non había carne, nin sequera estaba a súa rea de pedras castaño-avermelladas, senón algo máis longo ca a perna dun home e máis estreito ca a súa man, estaba tendido alí coma unha gran serpe alisada. Cando Loz mirou os seus delgados bordos e viu que se estendía até unha punta, colleu pedras para rompela e facela aguzada. Era o instinto de Loz para afiar cousas. Cando achou que non

a podía crebar incrementouse o seu asombro. Foron moitas as horas antes de descubrir que podía afiar os bordos frotándoos cunha pedra; pero ao cabo a punta estaba aguzada, e un lado enteiro dela agás o próximo ao final, onde Loz sostíñaa na súa man. Loz levantouna e brandiuna, e a Idade de Pedra pasara. Aquela tarde no pequeno campamento, xusto cando a tribo seguiu adiante, a Idade de Pedra finara, que, por quizais trinta ou corenta mil anos, elevara devagar o home de entre as bestas e deixou coa súa supremacía alén de toda esperanza de reconquista.

Non pasaron moitos días até que algún outro home tentou de seu facer unha espada de ferro por asar a mesma clase de pequena besta peluda que Loz tentara asar. Non pasaron moitos anos até que algún pensou pór a carne ao longo das pedras como Loz fixera; e cando o fixeron, sendo non hai moito nas chairas de Thold, usaron pedernal ou creta. Non pasaron moitas xeracións até que outra peza de mineral de ferro se fundiu e o segredo se adiviñou amodo. Con todo un dos moitos veos da Terra rachárase á parte por Loz para nos dar finalmente a espada de aceiro e o arado, maquinaria e fabricas; non culpemos a Loz se pensamos que obrou mal, porque o fixo todo con ignorancia. A tribo proseguiu até que chegou á auga, alí asentouse baixo unha cuiña, e construíron as súas cabanas. Moi pronto tiveron de pelexar con outra tribo, unha tribo que era máis forte ca eles; porén a espada de Loz era terríbel e a súa tribo matou os seus inimigos. Podías darlle unha pancada a Loz, mais entón viría unha estocada daquela espada de ferro, e non había modo de sobrevivir a iso. Ninguén podía loitar con Loz. E fixose gobernador da tribo no canto de Iz, que até entón a rexera co seu machado afiado, como seu pai fixera antes del.

Logo Loz enxendrou a Lo, na súa vellez deulle a súa espada, e Lo gobernou a tribo con ela. Lo púxolle Morte como nome á espada, pois era tan rápida e terríbel.

E Iz enxendrou a Ird, que non era importante. E Ird odiaba a Lo porque non era importante por mor da espada de ferro de Lo.

Unha noite Ird baixou ás furtadas á cabana de Lo, levando o seu machado afiado, foi moi caladamente, mais o can de Lo, Warner, ouviuno chegar, e gruñiu en silencio na porta do seu amo. Cando Ird chegou á cabana ouviu a Lo falándolle docemente á súa espada. Lo estaba a dicir: “Déitese tranquila Morte. Descanse, descanse, vella espada,” e logo: “Que, outra vez, Morte? Fique tranquila, fique tranquila.”

E despois novamente: “Que, vostede ten fame, Morte? Ou sede, pobre espada vella? Pronto, Morte, pronto. Fique tranquila só un pouco.”

Mais Ird fuxiu, porque non lle gustaba o ton doce de Lo cando falaba coa súa espada.

E Lo enxendrou a Lod. E cando Lo morreu Lod empuñou a espada de ferro e gobernou a tribo.

E Ird enxendrou a Ith, que non era importante, coma seu pai.

Logo cando Lod matara un home ou unha besta terríbel, Ith marchaba por un tempo á fraga antes que ouvir as gabanzas que estarían a dar a Lod.

Unha vez, mentres Ith estaba sentado no bosque esperando que o día pasase, de súpeto coidou ver un tronco de árbore mirándolle coma cunha cara. Ith tivo medo, porque as árbores non deben ollar os homes. Máis pronto Ith viu que só era unha árbore e non un home, aínda que fose coma un home. Ith adoitaba falarlle a esta árbore, e contarlle sobre Lod, pois non se atrevía a falarlle a ninguén máis sobre el. Ith atopaba consolo en falándolle sobre Lod.

Un día Ith foi co seu machado de pedra ao bosque, e ficou alí moitos días.

Regresou pola noite, e a mañá seguinte cando a tribo acordou viu algo que era coma un home e con todo non era un home. Sentábase no outeiro cos seus cóbados

apuntando para fóra e estaba totalmente quedo. Ith estaba encrequenado diante diso, e de présa colocáballe diante froitos e carne, logo brincaba para fóra del e ollaba asustado. Nese momento toda a tribo saíu para velo, pero non ousaban achegarse de todo por mor do medo que vían na face de Ith. Ith foise á súa cabana, e voltou de novo cunha punta de lanza de caza e valiosos coiteliños de pedra, alongou a man e púxoos diante da cousa que era coma un home, e despois saltou para fóra dela.

Algúns da tribo preguntáronlle a Ith sobre a cousa queda que era coma un home, Ith díxolles: “Este é Deo.” Daquela preguntáronlle: “Que é Deo?”, e Ith dixo: “Deo envía as colleitas e a chuvia; e o sol e mais a lúa son de Deo.”

Despois a tribo voltou ás súas cabanas, pero máis tarde no día algúns viñeron de novo, e dixéronlle a Ith: “Deo é só coma nós, ten mans e pés.” Ith sinalou a man dereita de Deo, que non era coma a súa esquerda, senón que estaba formada coma a pouta dunha besta, e Ith dixo: “Por isto podeades saber que non é coma home ningún.”

Entón dixéronlle: “É na verdade Deo.” Mais Lod dixo: “Non fala nin come”, e Ith respondeu: “O trono é a súa voz e a fame é a súa comida.”

Despois disto a tribo imitou a Ith, e levou pequenos presentes de carne a Deo; Ith asounos perante el para que Deo puidese ulir o asado.

Un día unha gran tormenta de tronos veu retumbando desde a distancia e ruxía entre os outeiros, e a tribo enteira ocultouse dela nas súas cabanas. Ith apareceu entre as cabanas mirando sen medo. Ith dixo pouco, mais a tribo pensou que el esperara a terríbel tormenta porque a carne que eles deixaran diante de Deo fora carne dura, e non as mellores partes das bestas que mataran.

Deo progresou para ter máis honra entre a tribo ca Lod. Humillárase a Lod.

Unha noite Lod alpeirou cando todos estaban durmidos, acougou o seu can, apañou a súa espada de ferro e marchou ao outeiro. Chegou até Deo á luz das estrelas, que estaba sentado quedo, cos seus cóbados apuntando para fóra, a súa pouta de besta, e a marca do lume no chan onde a súa comida se cociñara.

Lod detívose alí durante un anaco con gran medo, tentando manter o seu propósito. De súpeto avanzou preto de Deo e brandiu a súa espada de ferro, e Deo non o golpeou nin se encolleu. Entón un pensamento veu ao maxín de Lod: “Deo non golpea. Que fará Deo en troca?”

Lod baixou a súa espada e non o bateu, e a súa imaxinación comezou a traballar sobre: “Que fará Deo en troca?”

E canto máis pensaba Lod, peor era o seu medo a Deo.

Lod correu lonxe e deixouno.

Lod aínda gobernaba a tribo na batalla ou na caza, pero o botín máis importante da batalla dábanllo a Deo, e as bestas que mataban eran de Deo; e todas as cuestións que concernían á guerra ou á paz, e cuestións de lei ou disputas, levábanas sempre a el, e Ith daba as respostas tras falar con Deo pola noite.

Ao cabo Ith dixo, o día após unha eclipse, que os galanos que levaron a Deo non foron abondos, que cumpría un sacrificio moito maior, que agora aínda Deo estaba moi anxado, e non sería aplacado cun sacrificio ordinario.

Ith dixo que para salvar a tribo da ira de Deo falaría con Deo aquela noite, e preguntaría que novo sacrificio cumpría.

Lod estremeceuse profundamente no seu corazón, porque o seu instinto dicíalle que Deo quería o fillo único de Lod, que debía posuír a espada de ferro cando Lod marchase.

Ninguén ousaría tocar a Lod por mor da espada de ferro, mais o seu instinto dicíalle á súa lenta mente unha e outra vez: “Deo ama a Ith. Ith díxoo así. Ith odia os posuidores de espada.”

“Ith odia os posuidores de espada. Deo ama a Ith.”

O serán marchou e veu a noite en que Ith debía falar con Deo, e a Lod fíxoselle moito máis segura a condena da súa raza.

Deitouse pero non puido durmir.

A meianoite apenas chegara cando Lod alpeirou e marchou de novo coa súa espada de ferro ao outsideiro.

Alí estaba sentado Deo. Estivera Ith con el no entanto? Ith ao que Deo amaba, o que odiaba os posuidores de espada.

Lod mirou durante un longo anaco a vella espada de ferro que chegara ao seu avó nas chairas de Thold.

Adeus, vella espada! E Lod púxo nos xeonllos de Deo, logo marchou.

Cando Ith chegou, un pouco antes da alba, o sacrificio atopouse aceptábel para Deo.

## A CIDADE OCIOSA

Había unha vez unha cidade que era unha cidade ociosa, onde os homes contaban historias vas.

E era o costume desa cidade gravar a todos os homes que entrasen, co portádego dunha historia ociosa na porta.

Así todos os homes pagaban aos vixiantes da porta a portaxe dunha historia ociosa, e entraban na cidade sen impedimento e ilesos. A unha certa hora da noite cando o rei daquela cidade alpeiraba e paseaba con rapidez dun lado a outro da súa cámara de durmir, e invocaba o nome da raíña morta, entón os vixiantes pechaban a porta e entraban naquela cámara do rei, e, sentándose no piso, contábanlle todos os contos que reuniran. Escoitándoos un xorne máis calmo brotáballe ao rei, e escoitando tranquilo deitábase de novo e ao cabo caía durmido, e todos os vixiantes erguíanse en silencio e escapulíanse da cámara.

Hai tempo que vagando, cheguei á porta desa cidade. Inclusive mentres chegaba un home estaba de pé a pagar o seu portádego aos vixiantes. Eles estaban sentados coas pernas cruzadas no chan entre o home e a porta, e cada un sostiña unha lanza. Preto del outros dous viaxeiros sentábanse na cálida area a esperar. E o home dicía:

“Daquela a cidade de Nombres abandonou o culto dos deuses e volveuse cara a Deus. Así que os deuses botaron as súas capas sobre as súas faces e alancaron fóra da cidade, e indo no calixeiro entre as cuiñas pasaron polos troncos dos oliveirais no solpor. Mais cando xa deixaran a Terra, viráronse e miraron a través das dobras relucentes do crepúsculo por derradeira vez a súa cidade; ollaron meio anoxados e meio apesados, logo volvéronse e marcharon para sempre. Mais enviaron de volta unha Morte, que levaba unha gadaña, dicíndolle: “Mata á metade na cidade que nos abandonou, porén á metade deles déixaos vivos para que poidan lembrar no entanto os seus vellos deuses abandonados.

»Mais Deus enviou un anxo destrutor para mostrar que El era Deus, dicíndolle: “Entra nesa cidade e mata á metade dos moradores de aí, non obstante deixa á metade deles para que poidan saber que Eu son Deus.”

»Deseguida o anxo destrutor puxo a man na súa espada, e a espada saíu da vaiña cun fondo suspiro, coma o suspiro que un ancho leñador toma antes do seu primeiro golpe a un xigante carballo. Nisto o anxo dirixiu os seus brazos para abaixo, e

inclinando a cabeza entre eles, botouse para adiante desde o bordo do Ceo, e o brinco dos seus nocellos lanzouno para abaixo coas súas ás pregadas detrás del. Así se foi nesgando para a Terra polo serán coa súa espada estarricada diante del, e era coma unha xavelina que un cazador guindara que voltaba de novo á Terra: mais xusto antes de que a tocase levantou a cabeza e despregou as ás coas plumas de debaixo para adiante, e posouse na orella do largo Flavro que divide a cidade de Nombros. Abaixo da ribeira do Flavro revoou baixo, coma un gabián sobre unha milleira recén cortada en que as pequenas criaturas do millo están desacubilladas, e ao mesmo tempo abaixo da outra ribeira a Morte provinte dos deuses ía segando.

»Decontado se viron entre si, o anxo miraba con furia á Morte, e a Morte mirábao de esguello por detrás, e as lapas nos ollos do anxo alumeaban cun resplendor vermello a néboa que permanecía nos ocos das órbitas da Morte. De repente caeron o un sobre a outra, espada contra gadaña. O anxo capturou os templos dos deuses, e puxo sobre eles o sinal de Deus, a Morte capturou os templos de Deus, e introduciu neles as cerimonias e os sacrificios dos deuses; e todo ese tempo os séculos pasaron tranquilamente, baixando polo Flavro para o mar.

»Agora uns adoran a Deus no templo dos deuses, e outros adoran os deuses no templo de Deus, e aínda o anxo non volveu de novo aos coros gozosos, e aínda a Morte non regresou para morrer cos deuses mortos; senón que combaten de arriba a abaixo por todo Nombros, e aínda a cada banda do Flavro vive a cidade.»

Os vixiantes da porta dixéronlle: “Entre.”

Entón outro viaxeiro ergueuse, e dixo:

“Solemnemente entre Huhenzazi e Nitcrana chegaban aboiando as enormes nubes grises. E aquelas grandes montañas, a celestial Huhenzazi e Nitcrana, a raíña dos picos, saudábanas, chamándolles irmás. As nubes alegrábanse do seu saúdo, porque poucas veces se atopan con compañeiros nas solitarias alturas do ceo.

»Mais os vapores do serán dixéronlle á néboa terrestre: “Que son aquelas formas que ousan moverse sobre nós e ir até onde están Nitcrana e Huhenzazi?”

»A néboa terrestre deulles en resposta aos vapores do serán: “Só é unha néboa terrestre que se volveu tola e deixou a cálida e confortábel terra, coidou na súa tolemia que o seu lugar está con Huhenzazi e Nitcrana.”

»Unha volta –dixeron os vapores do serán-, houbo nubes, mais isto foi hai moitos e moitos días, como nolo dixeron os nosos devanceiros. Talvez a louca coida que é as nubes.

»Logo faláron as miñocas das profundidades cálidas do lodo, dicindo: “Oi néboa terrestre, vostede é en efecto as nubes, e non hai nubes senón vostede. Respecto a Huhenzazi e Nitcrana, non as podemos ver, e por tanto non son altas, e non hai montañas no mundo senón esas que botamos arriba cada mañá fóra dos fondos do lodo.”

»A néboa terrestre e os vapores do serán alegráronse coas palabras das miñocas, e ollando para a terra creron o que dixeran.

»Efectivamente é mellor ser coma a néboa terrestre, quedarse preto do lodo cálido pola noite, ouvir o discurso confortábel das miñocas, e non ser un vagabundo nas tristes alturas, emporiso deixar as montañas soas coa súa neve desolada, que obteñan esa comodidade que poidan do seu aspecto vasto sobre todas as cidades dos homes, e dos rumores que ouven no serán de descoñecidos deuses distantes.”

Os vixiantes da porta dixéronlle: “Entre.”

Entón púxose en pé un home que viña do oeste, e contou unha relato occidental. Dixo:



“Hai unha estrada en Roma que pasa a través dun vello templo que outrora os deuses amaron; pasa polo alto dunha gran muralla, e o piso do templo esténdese moi por debaixo dela, de mármore, rosado e branco.

»Sobre o piso do templo contei até un total de trece gatos esfameados.

»”Unhas veces –dicían entre si-, foron os deuses os que viviron aquí, outras veces foron os homes, e agora son os gatos. Así que gocemos o sol sobre o mármore quente antes de que outra xente veña.”

»Porque era nesa hora dun cálido serán cando a miña fantasía é quen de ouvir voces silentes.

»A arrepiante fraqueza de todos aqueles trece gatos moveume a ir a unha peixaría veciña, e mercar unha cantidade de peixes. Logo voltei e tireinos todos por riba da varanda no alto da gran muralla, caeron desde trinta pés, e golpearon o mármore sagrado cun estalido.

»Agora, noutra cidade fóra de Roma, ou nas mentes doutros gatos calquera, a visión dos peixes caendo do ceo parecera de certo marabilla. Erguéronse amodo e todos se espreguizaron, logo chegaron sen présa até os peixes. “É só un milagre”, dixeron para si.”

Os vixiantes da porta dixéronlle: “Entre.”

Con orgullo e devagar, mentres falaban, detívose perante eles un camelo, cuxo xinete pediu entrar na cidade. A súa faciana relucía co solpor polo que había moito que se guiara para a porta da cidade. Requiríronlle o portádego. Ao cal faloulle ao seu camelo, o camelo bramou e axeónllouse, e o home descendeu del. O home desenvolveu de moitas sedas unha caixa de metais diversos elaborada polos xaponeses, e na súa tapa había figuras de homes que fitaban desde unha orela unha illa do Mar Interior. Isto amosou aos vixiantes, e cando eles o viran, dixo: “Seméllame que estes falan os uns aos outros así:

»Contemplade agora Oojni, a querida do mar, o pequeno mar maternal que non ten tormentas. Ela sae de Oojni cantando unha cantiga, e regresa cantando sobre as súas areas. Pequena é Oojni no colo do mar, e escasa para que a perciban barcos marabillados. As brancas velas nunca levaron lonxe as súas lendas, non as contan os barbudos vagabundos do mar. Os seus contos do lar non os coñecen no norte, os dragóns da China non os ouviron, nin aqueles que montan en elefante polo Indo.

»Os homes din os contos e o fume elévase; o fume parte e os contos contáronse.

»Oojni non é un nome entre as nacións, non a coñecen onde se atopan os mercadores, dela non falan os beizos forasteiros.

»Mais sendo Oojni, na verdade, pequena entre as illas, con todo ámana os que coñecen as súas costas e os seus lugares interiores agochados do mar.

»Sen gloria, sen fama e sen riqueza, a Oojni ámaa profundamente un pequeno pobo, e algúns máis; aínda que non poucos, porque todos os seus mortos aínda a aman, e a miúdo veñen de noite murmurando polos seus bosques. Quen podería esquecer Oojni mesmo entre os mortos?

»Porque aquí en Oojni, conoscede, hai fogares de homes, xardíns, dourados templos dos deuses, lugares sagrados na beiramar, e moitas fragas murmuradoras. Hai unha verea que cobreguea sobre os outeiros para ir a misteriosas terras santas onde bailan pola noite os espíritos dos bosques, ou cantan invisíbeis á luz do sol; e ninguén entra nesas terras santas, porque quen ama Oojni podería privala dos seus misterios, e os forasteiros curiosos non veñen. Mais amamos, abofé, Oojni aínda que sexa tan pequena; é a nai-ciña da nosa raza, e a bondadosa ama de cría de todas as aves mariñas.

»Contemplade, inclusive agora acariñándoa, os suaves dedos do mar maternal, cuxos soños están lonxe con aquel vello Océano vagabundo.

»No entanto non esquezamos Fuzi-Yama, porque se ergue manifesta sobre nubes e mar, néboa debaixo, vaga e confusa pero clara encima para observar as illas todas. Os barcos fan á súa vista todas as viaxes, as noites e os días pasan por ela coma o vento, os veráns e os invernos so ela vacilan e esváense, as vidas dos homes pasan pola calada aquí e desde agora, e Fuzi-Yama observa alí... e sabe.»

Os vixiantes da porta dixéronlle: “Entre.”

Eu tamén lles contaría un conto, moi marabilloso e moi veraz; un que contei en moitas cidades, que até agora non tivo crentes. Porén agora o sol puxérase, o breve crepúsculo marchara, e silencios fantasmais xurdían dos outeiros lonxincuos e escurecidos. Un sosego aboiaba sobre a porta da cidade. O gran silencio da noite solemne era máis aceptábel para os vixiantes da porta ca ningún son de home. Por tanto acenáronnos, e indicaron coas mans que pasásemos sen portaxe á cidade. Lenemente subimos pola area, fomos entre os altos piares de rocha da porta, e unha fonda quietude asentou entre os vixiantes, e as estrelas escintilaban serenas sobre eles.

Porque que curto anaco fala o home, e ademais que vamente. Porque que longo tempo está silente. Só que o outro día atopei un rei en Tebas, que xa estivo calado durante catro mil anos.

## O HOME DO HAXIX

Estaba nun xantar en Londres o outro día. As señoras foran ao piso de arriba, e ninguén se sentaba á miña dereita; á miña esquerda estaba un home ao que non coñecía, mais el sabía o meu nome dalgún modo polo visto, porque se virou para min após un anaco, e díxome:

-Lin unha historia súa sobre Bethmoora nunha revista.

Por suposto lembrei o conto. Era sobre unha fermosa cidade oriental que de repente quedaba deserta nun día: ninguén sabía en absoluto por que. Díxenlle:

-Ó, xaora –e devagar procurei no meu maxín algún recoñecemento máis adecuado ao cumprido que a súa memoria me ofrecera.

Abraiándome enormemente cando me dixo:

-Vostede trabúcase verbo da doenza gnousar; non era esa para nada.

Díxenlle:

-Por que! Estaba alí?

E díxome:

-Estaba, si; fágoo co haxix. Coñezo Bethmoora ben –e tirou do seu peto unha caixiña chea dalgún produto negro que me parecía alcatrán, pero tiña un odor estraño. Advertíume que non o tocase co meu dedo, xa que a mancha permanecería durante días-. Obtíveno dun xitano –dixo-. Tiña moito disto, que matara a seu pai –mais interrompino, porque desexaba saber con certeza que foi o que destruíu aquela bela cidade, Bethmoora, e por que fuxiron ás caladas dela nun día-.

-Foi por mor da maldición do Deserto? –preguntei.

E dixo:

-En parte foi a furia do Deserto e en parte a advertencia do Imperador Thuba Mleen, porque aquela pavorosa besta estaba dalgunha maneira connectada co Deserto no seu lado maternal –e contoume esta estraña historia:

“Lembra o mariñeiro coa cicatriz negra, que estaba alí o día en que describiu que os mensaxeiros chegan en mulas á porta de Bethmoora, e toda a xente fuxiu. Encontrei

este home nunha taberna, bebendo ron, e contoume todo sobre a fuxida de Bethmoora, pero non sabía máis do que vostede dixo cal era aquela mensaxe, ou quen a enviou. No entanto, dixo que vería Bethmoora máis unha volta sempre que tocase de novo un porto de levante, mesmo se tiña que se enfrontar co demo. A miúdo dixo que se enfrontaría co diabo para descubrir o misterio daquela mensaxe que baleirou Bethmoora nun día. E ao cabo tivo de se enfrontar con Thuba Mleen, cuxa delicada ferocidade non imaxinara. Porque un día o mariñeiro me dixo que atopara un barco, e tras iso non o atopei máis na taberna bebendo ron. Foi por aquel tempo cando obtiven o haxix do xitano, que tiña unha cantidade que non quería. Literalmente saca a un fóra de si. É coma unhas ás. Precipítase sobre países distantes e noutros mundos. Unha volta descubrí o segredo do universo. Esquecín cal era, mais sei que o Creador non se toma en serio a Creación, porque lembro que El se sentaba no espazo con todo o Seu traballo en fronte dEl e ría. Vin cousas incríbeis en mundos pavorosos. Conforme é a súa imaxinación a que o leva a aló, así é que só pola súa imaxinación pode voltar. Unha vez fóra no éter atopei un espírito estragado roldando, que pertencera a un home ao que as drogas mataran había un cento de anos; levoume a rexións que xamais imaxinara; separámonos con ira alén das Pléiades, e non podía imaxinar o meu camiño de volta. Atopei unha enorme forma gris que era o Espírito dun gran pobo, talvez dunha estrela enteira, e supliqueille que me amosase o camiño a casa, parouse ao meu lado coma un vento súbito e sinalou, e, falando baixo de todo, preguntoume se distinguía unha certa luz diminuta, e vin unha estrela lonxincua feblemente, daquela díxome: “Aquel é o sistema solar”, e alancou tremendamente. Dalgún xeito imaxinei o meu camiño de volta, só que xusto a tempo, porque o meu corpo se estaba xa a agarrotar nunha cadeira do meu cuarto; o lume apagárase e todo estaba frío, tiven de mover cada dedo un por un, e había un formigo neles, e dores pavorosas nas unllas, que comezaban a se desconxelar; ao cabo puíden mover un brazo, alcancei unha campá, e durante un longo anaco non veu ninguén, porque cada quen estaba no seu leito. Mais ao fin un home apareceu, trouxeron un doutor; e el dixo que era un envelenamento polo haxix, pero estaría todo ben se non me atopara con aquel estragado espírito roldando.

»Poderíalle dicir cousas incríbeis que teño visto, mais vostede quer saber quen enviou aquela mensaxe a Bethmoora. Ben, foi Thuba Mleen. Así é como o souben. A miúdo ía á cidade tras aquel día do que vostede escribiu (adoitaba tomar haxix no meu piso polo serán), e sempre a achei deshabitada. A area vertérase dentro desde o deserto, e as rúas estaban amarelas e lisas, e aínda que abertas, a area amoreábase nas portas batentes.

»Un serán facía garda en fronte do lume, e situábame nunha cadeira e mastigaba o meu haxix, e a primeira cousa que vin cando cheguei a Bethmoora foi o mariñeiro coa cicatriz negra, paseando rúa abaixo, e deixando pegadas na area amarela. Entón souben que vería que poder secreto era o que mantiña Bethmoora deshabitada.

»Vin que había cólera no Deserto, porque había nubes tormentosas levantándose ao longo do horizonte, e ouvía un murmurio entre a area.

»O mariñeiro paseaba pola rúa abaixo, mirando as casas baleiras conforme ía; por veces gritaba e por veces cantaba, e ás veces escribía o seu nome nun muro de mármore. Logo sentouse nun banzo e comeu o seu xantar. Tras un anaco creceu a súa canseira da cidade, e regresou rúa arriba. Cando acadaba a porta de cobre verde apareceron tres homes sobre camelos.

»Non puíden facer ren. Era só unha conciencia invisíbel e vagante: o meu corpo estaba en Europa. O mariñeiro pelexou ben cos seus puños, mais vencérono e atárono con cordas, e levárono lonxe a través do Deserto.

»Seguino durante tanto tempo como puiden resistir, e achei que marcharan polo camiño do Deserto ao redor dos Outeiros de Hap cara a Utnar Véhi, e daquela souben que os cameleiros pertencían a Thuba Mleen.

»Traballo nunha oficina de seguros todo o día, e espero que non me esquecerá se algunha vez desexa un seguro de: vida, incendio ou automóbil; porén isto non forma parte da miña historia. Eu estaba desesperadamente ansioso por regresar ao meu piso, aínda que non é bo tomar haxix dous días seguidos; mais desexaba ver que farían ao pobre tipo, porque ouvira maos rumores sobre Thuba Mleen. Cando ao cabo escapei tiven que escribir unha carta; logo chamei ao meu servente, e díxenlle que non se me debía amolar, aínda que deixei a miña porta aberta en caso de accidentes. Despois diso fixen un bo lume, senteime e comín da pota dos soños. Estaba indo ao pazo de Thuba Mleen.

»Retivéronme máis tempo do usual os ruídos da rúa, pero de súpeto estiven arriba sobre a cidade; os países europeos precipitábanse por debaixo de min, e alí aparecían os delgados e albos chapiteis palacianos do horríbel Thuba Mleen. Atopeino no intre ao final dun cuartiño estreito. Unha cortina de coiro vermello colgaba detrás del, na que todos os nomes de Deus, escritos en yannés, estaban elaborados cun fio dourado. As tres fiestras eran pequenas e altas. O Imperador semellaba non ter máis de vinte anos, e parecía pequeno e feble. Ningúns sorrisos aparecían na súa laida cara amarela, aínda que ría afogadamente decontino. Cando mirei desde a súa testa baixa até o seu tremente beizo inferior, decateime de que había algún horror nel, aínda que non era quen de percibir cal era. E entón vino: o home nunca pestanexaba; e aínda que máis tarde ollaba aqueles ollos por un pestanexo, xamais ocorreu unha vez.

»Logo seguí a engaiolada mirada do Imperador, e vin o mariñeiro xacendo no chan, vivo pero espantosamente desgarrado, e os torturadores reais estaban a traballar todos ao seu redor. Arrincaran longas tiras del, mais non as separaran, e torturaban os extremos delas ben a distancia do mariñeiro –o home que encontrei ao xantar díxome moitas cousas que debo omitir-. O mariñeiro estaba a xemer polo baixo, e cada vez que xemía Thuba Mleen ría afogadamente. Eu non tiña o sentido do olfacto, mais podía ouvir e ver, e non sei qué era o máis repugnante: a terríbel condición do mariñeiro ou a feliz e imperturbábel face do horríbel Thuba Mleen.

»Desexaba fuxir, mais o momento non chegara así e todo, e debín ficar onde estaba.

»De socato a faciana do Imperador comezou a se crispar violentamente e o seu beizo inferior tremía máis rápido, choromicaba con ira, e gritaba cunha voz estridente, en yannés, ao capitán dos seus torturadores que había un espírito no cuarto. Non tiven medo, porque os homes vivos non poden pór as súas mans nun espírito, mais todos os torturadores aterreceron coa súa cólera, e pararon o seu labor, porque as súas mans tremían de medo. Logo dous homes dos lanceiros escapulíronse do cuarto, e cada un deles trouxo de volta pouco despois un cunco dourado, con tiradores, cheo de haxix; e os cuncos eran anchos abondo como para que aboiasen cabezas neles se estiveran cheos de sangue. Os dous homes puxéronse a comer con rapidez, cada un comendo con dúas grandes culleres: había abondo en cada cullerada para dar soños a un cento de homes. Alí veu pronto sobre eles o estado do haxix, e os seus espíritos peneiraban, preparándose para iren libres, namentres eu temía horribilmente, mais de cando en vez descendían de novo aos seus corpos, devoltos por algún ruído no cuarto. Aínda os homes comían, mais agora con preguiza, e sen ferocidade. Ao cabo as grandes culleres caéronselles das mans, e os seus espíritos eleváronse e deixáronos. Eu non podía fuxir. E os espíritos eran máis horríbeis ca os homes, porque eran mozos, e aínda non se moldearan completamente para encaixaren nas súas almas pavorosas. Aínda o mariñeiro

xemía polo baixo, provocando risiñas no Imperador Thuba Mleen. Logo os dous espíritos precipitáronse contra min, e varréronme de alí coma os refachos do vento varren as bolboretas, e afastámonos daquel pequeno, pálido e atroz home. Non había escapatoria ningunha da insistencia feroz destes espíritos. A enerxía do meu chisco diminuto da droga esmagábaa a enorme cullerada que estes homes comeran con ambas as mans. Eu xiraba sobre Arvle Woondery, e leváronme ás terras de Snith, e aínda arrastráronme sobre elas até que cheguei a Kragua, e alén desta a aquelas terras ermas que son case descoñecidas á fantasía. Chegamos ao fin a aqueles outeiros de almafí que se chaman as Montañas da Loucura, e tentei loitar contra os espíritos daqueles homes do aterrador Imperador, porque ouvín ao outro lado dos outeiros de marfil a petada desas bestas que cazan ao tolo, mentres roldaban arriba e abaixo. Non foi falta miña que o meu anaquiño de haxix non puidera pelexar coas súas horribes culleradas...”

Alguén estaba a tirar da campá da porta do salón. Nese momento veu un servente e dixo ao noso anfitrión que un policía no salón desexaba falar con el no acto. Desculpouse connosco, marchou e ouvimos un home de botas pesadas, que lle falaba en voz baixa. O meu amigo ergueuse e andou até a ventá, abriuna e ollou para fóra. “Debín crer que sería unha noite excelente”, dixo. Logo brincou para fóra. Cando puxemos as nosas cabezas estupefactas fóra da xanela para miralo, xa estaba fóra da vista.

## POBRE VELLO BILL

Nunha antiga gorida de mariñeiros, unha taberna do mar, a luz do día murchaba. Durante varios seráns frecuntei este lugar, coa esperanza de ouvir dos mariñeiros, en tanto tomaban sentados estraños viños, respecto dun rumor que chegara aos meus ouvidos dunha certa frota de galeóns da vella España que aínda disque flotaba nos Mares do Sur nalgunha rexión sen cartografar.

Nisto estaba a decepcionarme de novo. Falaban baixo e poucas veces, e eu estaba para me ir, cando un mariñeiro, levando aros nas orellas de ouro enxebre, levantou a cabeza do seu viño, e mirando en fite diante del a parede, contou o seu conto en voz alta:

(Cando máis tarde xurdiu unha tormenta de chuvia e atronaba nos vidros chumbados da taberna, alzaba a súa voz sen esforzo e falaba tranquilo. Canto máis escuro se puña máis claros relucían os seus ollos salvaxes.)

“Un barco con mariñeiros de outrora achegábase a unhas illas fantásticas. Xamais viramos semellantes illas.

»Todos odiabamos o capitán, e el odiábanos. Odiábanos a todos do mesmo modo, non había favoritismo ningún nel. E nunca falaba unha palabra con ningún de nós, agás ás veces polo serán cando ía escurecendo paraba, miraba arriba e falaba un chisco aos homes que pendurara no penol.

»Eramos unha tripulación rebelde. Porén o Capitán era o único home que tiña pistolas. Dormía cunha debaixo da súa almofada e ocultaba outra a carón del. As illas tiñan unha aparencia fea. Eran pequenas e planas coma se xurdisen só recentemente do mar, e non tiñan area nin rochas coma as illas honestas, senón herba verde baixando até a auga. E había alí cabaniñas cuxo aspecto non nos gustaba. Os seus colmos case chegaban até o chan, estaban estrañamente levantados nas esquinas, e so os baixos beirados había raras ventás escuras cuxos vidriños chumbados eran demasiado mestos para ver a través deles. E ningún ser, home ou besta, andaba ao redor, así que non se

podía saber que clase de xente vivía alí. Mais o Capitán sabía. E desembarcou e entrou nunha das cabanas, alguén acendeu luces dentro, e as xaneliñas tomaron unha fasquía maligna.

»Estaba totalmente escuro cando veu a bordo de novo, deu unha feliz boa noite aos homes que se bambeaban no penol e ollounos dunha maneira que asustou ao pobre vello Bill.

»Esa noite achamos que aprendera a maldicir, porque deu con moitos de nós durmidos nas nosas liteiras, entre eles ao pobre vello Bill, sinalounos cun dedo e botou unha maldición para que as nosas almas ficasen toda a noite no tope dos mastros. E de repente estaba a alma do pobre vello Bill sentándose coma un mono no tope do mastro, mirando as estrelas e conxelándose da cabeza aos pés.

»Alzámonos nun pequeno motín tras iso, mais o Capitán subiu e apuntou co seu dedo novamente, e esta volta o pobre vello Bill e todo o resto nadamos detrás da nave pola fría auga verde, aínda que os corpos permanecesen en cuberta.

»Foi o grumete o que descubriu que o Capitán non podía maldicir cando estaba bébedo, aínda que podía disparar tan ben nesa situación coma na outra.

»Despois diso só era unha cuestión de espera, e de perda de dous homes cando viñese o momento. Algúns de nós eran tipos asasinos e desexaban matar o Capitán, mais o pobre vello Bill estaba por atoparmos un chisco de illa, fóra da ruta dos barcos, e deixármolo alí coa súa parte das nosas provisións do ano. Todos escoitaron o pobre vello Bill, e decidimos deixar abandonado o Capitán tan pronto como o atrapásemos cando non puidese maldicir.

»Pasaron tres días completos antes de que o Capitán quedase bébedo de novo, e o pobre vello Bill e todos pasamos un tempo espantoso, porque o Capitán inventaba novas maldicións cada día, e onde queira que sinalase co seu dedo tiñan de ir as nosas almas; os peixes comezaron a nos coñecer, e así fixeron as estrelas, e ningún deles nos compadeecía cando nos conxelabamos nos mastros ou nos precipitabamos a través de bosques de algas e perdíamos o noso rumbo: tanto as estrelas coma os peixes ían aos seus choios con fríos ollos impávidos. Unha vez cando o sol se puxera e era crepúsculo, e a lúa mostrábase cada vez máis clara no ceo, parámonos no noso traballo por un momento porque o Capitán semellaba mirar máis alá de nós as cores no ceo, de súpeto volveuse e mandou as nosas almas á lúa. E era máis frío aquilo ca o carazo nocturno; había montañas horribéis facendo sombras; e era todo tan silencioso coma milleiros de tumbas; a Terra brillaba arriba no ceo tan grande coma a folla dunha gadaña; e todos tiñamos morriña dela, mais non podíamos falar nin berrar. Estaba escuro de todo cando regresamos, e fomos todos moi respectuosos co Capitán ao día seguinte, pero moi pronto maldixo de novo a varios. O que todos máis temíamos era que maldixese as nosas almas ao Inferno, e ningún de nós mencionaba o Inferno por riba dun murmuro por medo a llo recordar. Porén no terceiro serán o grumete veu e díxonos que o Capitán estaba borracho. Nós todos fomos á súa cámara, e atopámolo xacendo alí atravesado na súa liteira, e disparou como xamais antes disparara; mais non tiña máis ca as dúas pistolas, e só puidera matar dous homes se non pillase a Joe na cabeza co cabo dunha das súas pistolas. Entón amarrámolo. O pobre vello Bill puxo o ron entre os dentes do Capitán e mantívoo ebrio durante dous días, de modo que non puidese maldicir até encontrarmos unha rocha axeitada. Antes do solpor do segundo día atopamos unha illa agradábel e espida para o Capitán, fóra da ruta dos barcos, cunhas cen iardas de longo e unhas oitenta de largo; levámolo a remo até ela nun pequeno bote e démoslle provisións para un ano, as mesmas que tiñamos para nós, porque o pobre vello Bill quería ser recto. E deixámolo sentado confortabelmente coas costas nunha rocha cantando unha canción de mariñeiros.

»Cando non puidemos ouvir máis o Capitán cantando todos nos sentimos moi ditosos e fixemos un banquete coas nosas provisións para o ano, mentres todos esperabamos estar de novo en casa en menos de tres semanas. Tivemos tres grandes banquetes cada día durante unha semana: cada home tiña máis do que podía comer, e o que sobrava botabámolo ao chan coma cabaleiros. E entón un día, cando vimos San Huëgédos, e quixemos navegar até alí para gastarmos o noso diñeiro, o vento virou en redondo desde detrás de nós e azoutounos mar a fóra. Non houbo viradura contra isto nin entrada no porto, aínda que outras naves navegaron a par de nós e ancoraron alí. Por veces unha calma branca caía sobre nós, en tanto as barcas pescadoras todas ao redor de nós voaban adiante no meio dun vendaval, e outras veces o vento azoutábanos mar a fóra cando máis nada se movía. Tentámolo todo o día, pola noite deitámonos e tentámolo de novo ao día seguinte. Todos os mariñeiros dos outros barcos estaban a gastar o seu diñeiro en San Huëgédos e nós non nos podíamos achegar. Daquela dixemos cousas horribes contra o vento e contra San Huëgédos, e navegamos lonxe.

»Pasou exactamente o mesmo en Noreenna.

»Agora mantiñámonos cautamente xuntos e falabamos en voz baixa. De súpeto o pobre vello Bill sentiuse asustado. Mentres iamos todo ao longo da liña costeira siráctica, tentabámolo unha e outra vez, e o vento esperábanos en cada porto e enviábanos mar a fóra. Mesmo nin as illiñas nos recibían. Daquela soubemos que con todo non había desembarco para o pobre vello Bill, e cada un reprochaba ao seu amábel corazón que lles fixera deixar abandonado o Capitán nunha rocha, para así non teren o seu sangue sobre as súas cabezas. Non había nada que facer senón ir á deriva polos mares. Agora non había banquetes, porque temíamos que o Capitán puidese vivir o seu ano e manernos mar a fóra.

»Ao primeiro adoitabamos vocear a todos os barcos que pasaban e costumabamos tentar abordalos nos botes; mais non había remolque contra a maldición do Capitán e tivemos de nos render a iso. Así que xogamos aos naipes durante un ano no camarote do Capitán, noite e día, con tormenta ou bonanza, e cada cal prometeu pagar ao pobre vello Bill cando desembarcasen.

»Resultábanos horríbel pensar que o Capitán fose realmente un home frugal, el que adoitaba emborracharse cada dous días sempre que estaba no mar, e aí estaba aínda vivo, e tamén sobrio, dado que a súa maldición aínda nos mantiña fóra de cada porto, e as nosas provisións esgotáranse.

»Ben, chegara o momento de botalo a sortes, e Jim era unha persoa desafortunada. Jim só nos mantivo uns tres días, e logo botámolo a sortes de novo e esta vez tocoulle ao negro. O negro non nos mantivo moito máis, e botámolo novamente e esta vez tocoulle a Charlie, e aínda seguía vivo o Capitán.

»Como iamos sendo menos cada un de nós mantiñanos máis tempo. Cada vez máis tempo adoitaba durarnos o compañeiro, e todos nos preguntabamos como o facía o Capitán. Pasaban cinco semanas do ano cando lle tocou a Mike, e mantívonos durante unha semana, e o Capitán estaba aínda vivo. Sorprendíanos que non se cansara da mesma vella maldición; mais supuñamos que as cousas parecían diferentes cando un está só nunha illa.

»Cando unicamente estaban Jakes, o pobre vello Bill, o grumete e Dick, non o botamos moito máis. Dixemos que o grumete tivera toda a sorte e non debía esperar ningunha máis. Entón o pobre vello Bill estivo só con Jakes e Dick, e o Capitán aínda seguía vivo. Cando non houbo máis rapaz, e o Capitán aínda vivía, Dick, que era un home enorme e forte coma o pobre vello Bill, dixo que era a vez de Jakes e que fora moi afortunado por vivir tanto tempo como vivira. Porén o pobre vello Bill discutírao todo con Jakes e pensaran mellor que Dick debería apañar a súa vez.

»Daquela estaban Jakes e o pobre vello Bill; e o Capitán non morrera.

»E estes dous adoitaban vixiarse o un ao outro noite e día, cando Dick se acabou e máis ninguén restaba con eles. Ao cabo ao pobre vello Bill deulle un desmaio e xaceu alí durante unha hora. Entón Jakes se achegou até el amodo co seu coitelo e deulle unha puñalada ao pobre vello Bill mentres xacía alí na cuberta. O pobre vello Bill agarrouse a el polo pulso e afundiulle o seu coitelo dúas veces para se asegurar de vez, aínda que estragase a mellor parte da carne. Daquela o pobre vello Bill estivo só de todo no mar.

»Na mesma semana seguinte, antes de que a comida se esgotase, o Capitán debeu de morrer no seu chisco de illa; porque o pobre vello Bill ouviu a alma do Capitán índose a maldicir polo mar, e o día despois de que o barco varase nunha costa rochosa.

»Agora o Capitán leva morto un cento de anos e o pobre vello Bill está a salvo en terra de novo. mais parece coma se o Capitán non acabase con el aínda, porque o pobre vello Bill nunca se fai máis vello e dun modo ou outro non semella que vaia morrer. Pobre vello Bill.»

Cando isto rematou a fascinación do home de socato desapareceu e todos brincamos e deixámolo.

Non foi soamente a súa historia repugnante, senón que era a mirada pavorosa nos ollos do home que a contou e a terríbel facilidade con que a súa voz sobrepasaba o estrondo da chuvia, o que me decidiu a non entrar nunca de novo naquela gorida de mariñeiros: a taberna do mar.

## OS MENDIGOS

Eu baixaba por Piccadilly non hai moito, lembrando cancións infantís e tendo saudade dun antigo romance.

Mentres vía os tendeiros andando preto coas súas levitas negras e os seus chapeus negros, acordeime dun vello verso dos anais infantís: “Os mercadores de Londres, visten de escarlata.”

As rúas todas eran tan pouco románticas e deprimentes. Nada se podía facer por elas, pensei: nada. E entón interromperon os meus pensamentos ladros de cans. Todos os cans na rúa semellaban estar a ladrar: todas as clases de cans, non só os pequenos, senón tamén os grandes. Estaban todos contra o leste cara ao camiño polo que eu pasaba. Daquela me virei para mirar e tiveron esta visión, en Piccadilly, no lado oposto ás casas xusto despois de que se pase a fileira de taxis.

Homes altos eslombados baixaban pola rúa ataviados con capas maravilosas. Todos eran citrinos de pel e morenos de cabelo, e os máis deles levaban barbas estrañas. Viñan devagar, andaban con paus e as mans fóra para as esmolos.

Todos os mendigos chegaran á cidade.

Daríalles un dobrón de ouro gravado coas torres de Castela, mais non tiña tal moeda. Non semellaba xente á que cadrase ofrecerlle a mesma moeda que un daría en pago polo uso dun taxi (Ó maravillosa palabra malfeita, de certo o contrasinal para algures dunha orde malvada). Uns levaban capas purpúreas con largos reberetes verdes, e o reberete verde era unha estreita tira nalgunhas, e outros levaban capas dun vermello vello e descolorido, e outros capas violetas, e ninguén levaba negro. Mendigaban con graza, coma os deuses podían pedir polas almas.



Detívenme a carón dun farol con poste, e achegáronse até el e un dirixiuse a el, chamándolle irmán farol, e dixo: “Ó farol, o noso irmán da escuridade, hai moitos naufraxios cabo de ti nas mareas da noite? Non durmas, irmán, non durmas. Hai moitos naufraxios e non foron por ti.”

Era estraño: nunca pensara na maxestade do farol da rúa e na súa longa vixilancia sobre os homes errabundos. Mais non era indigno da consideración destes forasteiros encapotados.

Entón un murmurou á rúa: “Está cansada, rúa? Non obstante un pouco máis tarde deben ir arriba e abaixo, e manterte vestida con alcatrán e bloques de madeira. Sé paciente, rúa. Dentro de pouco o terremoto chega.”

-Quen sodes? –dicía a xente- E de onde vindes?

-Quen pode dicir o que somos –responderon-, ou de onde vimos?

Un virouse para as casas afumadas, dicindo: “Bieitas sexan as casas, porque os homes soñan nelas.”

Entón percibín, que nunca o pensara, que todas estas casas rechamantes non eran iguais, senón diferentes unhas das outras, porque posuían soños diferentes.

Outro volveuse para unha árbore que estaba cabo do enreixado de Green Park, dicindo: “Consólate, árbore, porque os campos deben vir de novo.”

E todo o tempo o feo fume ascendía, o fume que afogou o Romance e ennegreceu os paxaros. Este, pensei, non poden gabalo nin beicelo. Cando o viron elevaron as súas mans cara a el, cara ao milleiro de chemineas, dicindo: “Contemplemos o fume. Os vellos bosques de carbón que xaceron tanto tempo na escuridade, e así tanto tempo estarán aínda, bailan agora e voltan ao sol. Non te esquecemos Terra, ó nosa irmá, e desexámosche o gozo do sol.”

Chovera e un triste arroio vertía nunha suxa gabia. Viña de moreas de refugos inmundos e esquecidos, recollera no seu camiño cousas que se abandonaron, e ía a sombrizos sumidoiros descoñecidos para o home ou o sol. Este arroio lúgubre era tanta causa coma outras moitas das que me fixeran dicir no meu corazón que a cidade era vil, que a Beleza morrera nela, e fuxira o Romance.

Inclusive esta cousa beicían. E un que levaba unha capa purpúrea con ancho reberete verde, dixo: “Irmán, teña esperanza aínda, porque debe seguro chegar finalmente ao deleitoso Mar, atopar os apiñados, enormes e viaxados barcos, e gozar cabo das illas que coñecen o sol dourado.” Mesmo desta sorte beicían a gabia e eu non tiña antollo de mofa.

E á xente que pasaba ao lado, coas súas negras chaquetas indecorosas e os seus deformados, monstruosos e luídos sombreiros, os mendigos tamén a beicían. Un deles dixo a un destes escuros cidadáns: “Ó xemelgo da mesma Noite, coas súas pintas de branco no puño e no pescozo coma nas dispersas estrelas da Noite. Que pavorosamente vela con negro os seus escondidos desexos insospeitados. Hai pensamentos profundos en vostede que non brincarán coa cor, que din: “Non”, ao púrpura, e ao adorábel verde: “Lisca.” Ten salvaxes fantasías que cómpre que se domen con negro e terríbeis imaxinacións que se deben ocultar deste modo. Ten a súa alma soños de anxos e dos muros do país das fadas que gardou tan completamente, para que non ceguen os atónitos ollos? Mesmo así Deus ocultou o diamante profundo baixo millas de barro.

»A marabilla de vostede non se estraga coa alegría.

»Mire vostede é moi secreto.

»Sexa marabilloso. Estea cheo de misterio.”

Silenciosamente o home de levita negra seguiu adiante. Eu vin a comprender cando o mendigo purpúreo falou, que o escuro cidadán talvez traficara coa India, que no seu corazón había estrañas e mudas ambicións, que a súa mudez se fundamentaba por

solemne rito nas raíces da antiga tradición, que se podía vencer un día por un ánimo na rúa ou por alguén cantando unha canción, e que cando este tendeiro falase alí poderíanse abrir fendas no mundo e a xente asomarse sobre o abismo.

Entón volvéndose para Green Park, onde malia que aínda non era primavera, os mendigos alongaban as súas mans, e mirando a herba xeada e as árbores aínda sen gromos, cantando todos xuntos, profetizaban os amarellés.

Un autobús baixaba pola rúa, case atropelando algúns dos cans que aínda ladraban ferozmente. Ía soando a súa bucina ruidosamente.

E a visión foise entón.

## CARCASONA

*Nunha carta dun amigo ao que nunca vin, un deses que len os meus libros, citábase esta liña: “Porén el, xamais chegou a Carcasona.” Non sei a orixe desta liña, mais fixen este conto sobre ela.*

Cando Camorak reinaba en Arn, e o mundo era máis lindo, deu unha festa a toda a campiña para conmemorar o esplendor da súa mocidade.

Din que a súa casa en Arn era enorme e alta, e o seu teito pintado en azul; e cando caía o serán homes subían por escadas de man e acendían o gran número de candeas que penduraban de esveltas cadeas. E din tamén que ás veces viña unha nube e se vertía dentro polo tope dunha das fiestras do miradoiro, e chegaba até o canto da obra de perpiaño coma a bruma chega até un bordo cortado dos cantís escarpados onde un vento antigo soprou por sempre xamais (levouse milleiros de follas e milleiros de séculos, son todos o mesmo para el, non lle debe lealdade ao Tempo). E a nube reformábase na elevada bóveda do salón e vagaba por ela amodo, e saía ao ceo de novo por outra xanela. E pola súa forma os cabaleiros no salón de Camorak profetizaban as batallas e os asedios da vindeira tempada de guerra. Din do salón de Camorak en Arn que non houbo ningún coma el en terra ningunha, e prognostican que nunca o haberá.

Acá apareceu o pobo da campiña desde malladas e bosques, meditando lentos pensamentos de comida, refuxio e amor, e sentábanse abraiados naquel salón famoso; onde tamén estaban sentados os homes de Arn, a cidade que se agrupaba ao redor da alta casa de el-Rei, e estaba toda tellada con vermella terra materna.

Se se pode confiar nas vella cantigas, era un salón marabilloso.

Moitos dos que sentaban alí só puideron velo distantemente antes, unha forma clara na paisaxe pero máis pequena ca un outeiro. Agora contemplaban ao longo da parede as armas dos homes de Camorak, dos que xa fixeron cancións os tanxedores de laúde, e se relataron contos polo serán nas cortes. Aí describían o escudo de Camorak que fora e viñera a través de tantas batallas, e os gumes afiados pero melados da súa espada; aí estaban as armas de Gadriol o Leal, Norn, Athoric da Espada Saraibante, Heriel o Salvaxe, Yarold e Thanga de Esk; as súas armas colgaban todas con igualdade ao redor do salón, baixas onde un home as puidese alcanzar; e no lugar de honor no meio, entre as armas de Camorak e de Gadriol o Leal, penduraba a harpa de Arleon. E de todas as armas colgadas naquelas paredes ningunha foi máis calamitosa para os inimigos de Camorak do que o foi a harpa de Arleon. Porque para un home que sobe a pé contra unha praza forte, de certo que lle prace a renxedura e o troupeleo dalgunha

pavorosa máquina de guerra que os seus compañeiros de armas manexan detrás del, da que enormes rochas parten suspirando sobre a súa cabeza e precipítanse entre os seus inimigos; e prácelle a un guerreiro na loita vacilante as rápidas ordes do seu Rei, e sonlle un gozo os vítores insistentes dos seus camaradas exultando de súpeto por un lance da guerra. Todo isto e máis era a harpa para os homes de Camorak; porque non só animaba os seus guerreiros, senón que moitas veces Arleon da Harpa introducía un abraio salvaxe nas hostes contrarias cunha profecía arrebatada clamada de socato en tanto a súa man tocaba as ruxintas cordas. De por parte, xamais se declarou ningunha guerra até que Camorak e os seus homes escoitaran longamente a harpa, e exaltábase coa música e entolecesen contra a paz. Unha volta Arleon, por mor dunha rima, fixo guerra contra Estabonn; un mao rei derrocouse, e gañouse honor e gloria; de tales motivos senlleiros por veces acrecéntase o ben.

Por riba dos escudos e as harpas todo ao redor do salón estaban as figuras pintadas de heroes de fabulosos cantares famosos. Demasiado triviais, porque demasiado superadas doadamente polos homes de Camorak, semellaban todas as vitorias que a terra coñecera; tampouco había ningún trofeo exposto das setenta batallas de Camorak, porque estas eran coma nada para os seus guerreiros ou el comparadas con aquelas cousas que na súa mocidade soñaran e que poderosamente se propuñan aínda facer.

Por encima dos cadros pintados estaba a escuridade, porque o serán se cerraba e as candeas abanándose nas súas esveltas cadeas aínda non se acenderon no teito; era coma se un anaco de noite se levantase no edificio coma unha enorme pedra natural que sobresa dentro dunha casa. E alí sentábanse todos os guerreiros de Arn e o pobo da campiña marabillándose deles; ningún tiña máis de trinta anos, e todos eran destros na guerra. Camorak sentábase á cabeza de todos, exultante na súa xuventude.

Temos de loitar co Tempo durante unhas sete décadas, e é un antagonista frouxo e mirrado nos primeiros tres asaltos.

Agora estaba presente no festín un adiviño, un que coñecía os plans do Fado, sentábase entre a xente da campiña e non ocupaba sitio de honor porque Camorak e os seus homes non temían o Fado. Cando se comeu a carne e os ósos se rexeitaron, o rei ergueuse da súa cadeira, e tendo bebido viño, e estando na gloria da súa mocidade e con todos os seus cabaleiros ao redor del, chamou polo adiviño, dicindo: “Profetiza.”

E o adiviño levantouse, cofando a súa barba gris, e falou con cautela: “Hai certos acontecementos –dixo- sobre os camiños do Fado que se velan inclusive aos ollos dun adiviño, e moitos máis son claros para nós, que estarían mellor velados de todo; coñezo moito que está mellor sen predicir e algunhas cousas que non podon pronosticar so pena de séculos de castigo. Mais isto sei e predigo: que xamais chegaredes a Carcasona.”

Decontado houbo un rumor de conversas sobre Carcasona; algúns ouviran dela en ditos ou cancións; algúns leran sobre ela, e outros soñaran con ela. O rei enviou a Arleon da Harpa abaixo da súa dereita para se mesturar co pobo da campiña e ouvir algo que algún dixese de Carcasona. Mais os guerreiros falaban dos lugares que gañaran: moita fortaleza ben defendida, moita terra remota, e xuraban que chegarían a Carcasona.

Ao pouco tempo voltou Arleon á dereita do rei, e tocou a súa harpa e cantou e falou de Carcasona. Lonxe estaba, e moi ben lonxe, unha cidade de refulxentes murallas elevándose unhas sobre outras, terrazas de mármore detrás das murallas e fontes brillando nas terrazas. A Carcasona retiráronse dos homes primeiramente os reis elfos coas súas fadas, e construírana nun serán no final de maio soprando os seus cornos élficos. Carcasona! Carcasona!

Viaxeiros vírana por veces coma un soño claro, co sol relucindo na súa cidadela sobre un remoto cume e logo as nubes chegaran ou unha néboa súbita; ninguén a viu

moito tempo ou chegou completamente preto dela; aínda que unha volta houbo uns homes que chegaron moi cerca e o fume das casas soprou nas súas caras, un refacho repentino... máis nada, e estes declararon que alguén queimaba madeira de cedro alí. Homes soñaran que hai unha meiga alí, andando soa polos patios e corredores fríos de pazos marmóreos, tremendamente fermosa e tranquila malia todos os seus oitenta séculos, cantando a segunda canción máis vella, que lle aprendeu o mar, derramando bágoas de soidade por ollos que enlouquecerían exércitos, con todo ela non chamará a casa aos seus dragóns: Carcasona está terriblemente gardada. Ás veces nada nun baño de mármore por cuxas profundidades corre un río, ou déitase toda a mañá no bordo del para se secar devagar ao sol, e observa o tumultuoso río turbar as fonduras do baño. Flúe a través das cavernas da terra para máis lonxe do que ela coñece, e vindo á luz no baño da meiga baixa de novo pola terra ao seu propio mar particular.

No outono por veces baixa negro con neve que a primavera fundiu en montañas inimaxinadas, ou pasan fermosamente chores murchas de arbustos da montaña.

Cando hai sangue no baño sabe que hai guerra nas montañas; e así e todo non coñece onde están esas montañas.

Cando canta, as fontes bailan arriba da escura terra; cando peitea o seu cabelo din que hai tempestades no mar; cando está irada os lobos vólvense bravos e todos baixan ás cortes; cando está triste o mar está triste, e ambos están tristes para sempre. Carcasona! Carcasona!

Esta cidade é a máis linda das marabillas da Mañá; o sol grita cando a contempla; por Carcasona o Serán chora cando o Serán desaparece.

E Arleon contou cantos perigos excelentes había ao redor da cidade, e como o camiño era descoñecido, e que era un azar cabaleiresco. Entón todos os guerreiros erguéronse e cantaron sobre o esplendor do azar. E Camorak xurou polos deuses que construíran Arn e pola honra dos seus guerreiros que, vivo ou morto, chegaría a Carcasona.

Mais o adiviño levantouse e saíu do salón, quitando del as faragullas coas súas mans e alisando a súa roupaxe mentres se ía.

Daquela Camorak dixo: “Hai moitas cousas que planear, consellos que tomar, e provisións que xuntar. En que día partiremos?” E todos os guerreiros responderon gritando: “Agora.” E Camorak sorriu naquel intre, porque soamente os probara. Baixándoas entón das paredes apañaron as súas armas: Sikorix; Kelleron; Aslof; Wole o do Machado; Huhenoht, Crebador da Paz; Wolwuf, Pai da Guerra; Tarion; Lurth o do Berro de Guerra e moitos outros. Pouco daquela imaxinaban as arañas que se sentaban naquel salón atronador o lecer sen molestias do que pronto gozarían.

Cando estiveron armados, todos formaron e saíron do salón, e Arleon alancaba diante deles cantando a Carcasona.

Porén o pobo da campaña levantouse e voltou ben alimentado ás cortes. Non lles cumprían guerras ou raros perigos. Estaban sempre en guerra coa fame. Unha seca longa ou un inverno duro eran para eles batallas sen cuartel; se os lobos entraban nun curral de ovellas era coma a perda dunha fortaleza; unha tormenta de tronos durante a colleita era coma unha emboscada. Ben alimentados, regresaban amodo ás súas cortes, estando en tregua coa fame; e a noite enchíase de estrelas.

E negros contra o ceo estrelado aparecían os helmos redondos dos guerreiros conforme pasaban os cumes das serras, mais nos vales escintilaban de cando en vez segundo a luz estelar brillaba no aceiro.

Seguían detrás de Arleon indo para o sur, de onde sempre viñeran rumores de Carcasona: así marchaban á luz das estrelas e el diante deles cantando.

Cando marcharan tan lonxe que non ouvían son ningún de Arn, e mesmo eran inaudíbeis os seus sinos bambeantes; cando as candeas ardendo tardías ao lonxe arriba nas torres non lles enviaban máis tempo as súas benvidas desconsoladas; no meio da noite pracenteira que arrola os espazos rurais, a canseira veu sobre Arleon e a súa inspiración minguou. Minguou devagar. Gradualmente volveuse menos seguro do camiño a Carcasona. Un anaco parouse a pensar e lembrou o camiño de novo; porén a súa clara certeza fórbase, e no seu lugar facía esforzos no seu maxín para recordar vellas profecías e cancións pastorais que falasen da marabillosa cidade. Daquela mentres se dicía a si coidadosamente sobre unha canción que un vagabundo aprendera do rapaz dun cabreiro lonxe riba das máis baixas abas das últimas montañas meridionais, a fatiga caeu sobre a súa mente esforzada coma neve nos camiños sinuosos dunha cidade ruidosa pola noite, acougándoo todo.

Estaba de pé e os guerreiros rodeábano. Durante moito tempo pasaran cabo de grandes carballos alzándose solitarios acá e acolá, coma xigantes apañando enormes bocadelas do ar nocturno antes de realizar algún feito furioso; agora chegaran á marxe dun bosque negro; os troncos alzábanse coma esas grandes columnas dun salón exipcio onde Deus recibía cunha disposición ben vella a pregaría dos homes; a súa cima inclinaba a vía dun vento antigo. Aquí detivéronse todos e acenderon un lume con pólas, tirando faíscas de pedernal nunha morea de feitos. Desembarazáronse das súas armaduras, sentaron ao redor do lume, Camorak púxose de pé alí e dirixiuse a eles, e Camorak dixo: “Imos guerrear co Fado, que sentenciou que eu non chegarei a Carcasona. E se desviamos só unha das sentenzas do Fado, daquela o porvir enteiro do mundo é noso, e o futuro que o Fado ordenou é coma o curso seco seco dun río desviado. Mais se homes coma nós, tan resoltos conqueridores, non poden evitar unha sentenza que o Fado planeou, entón a raza dos homes estará escravizada para sempre a facer as súas tarefas nimias e adxudicadas.”

Daquela todos desenvaiñaron as súas espadas, e axitáronas en alto á luz do lume e declararon a guerra ao Fado.

Nada no bosque sombrizo se movía ou facía son ningún.

Os homes cansos non soñan coa guerra. Cando veu a mañá sobre os campos relucentes unha compañía que partira de Arn descubriu o lugar de acampada dos guerreiros, e trouxo pavillóns e provisións. Os guerreiros festexárono, os paxaros na fraga cantaban, e a inspiración de Arleon acordou.

Logo levantáronse e seguiron a Arleon, entraron no bosque e marcharon lonxe para o sur. E máis dunha muller de Arn lles enviaba os seus pensamentos mentres tocaban soas algunha vella melodía monótona, mais os seus propios pensamentos estaban lonxe diante deles, botando un xis ao baño por cuxas profundidades corre o río na marmórea Carcasona.

Cando as bolboretas danzaban no ar e o sol se aproximaba ao cénit, armáronse os pavillóns e todos os guerreiros descansaron; logo festexárono novamente e entón practicaron xogos de cabaleiros, e pola fin da tarde marcharon unha vez máis, cantando sobre Carcasona.

E a noite baixou co seu misterio sobre o bosque, deu de novo a súa fasquía demoníaca ás árbores, e fixo rodar arriba fóra de fondóns neboentos unha enorme e marela lúa.

Os homes de Arn acenderon lumes, e sombras repentinas xurdiron e saltaron fantásticamente a distancia. O vento nocturno sopraba, aparecendo coma unha pantasma, pasaba entre os troncos das árbores, descolgábase en clareiros de luz trémula, acordaba as bestas roldadoras aínda a soñaren co día, amoreaba aves nocturnas no campo para ameazaren as cousas timoratas, golpeaba as rosas da noite favorecedora,

levaba aos ouvidos de homes errantes o son dunha canción de doncela, e daba un encanto á melodía do laudista tocada na súa soidade en outeiros distantes; os ollos profundos das avelaiñas brillaban coma as lámpadas dun galeón, despregaban as súas ás e navegaban polo seu mar familiar. Sobre este vento nocturno tamén os soños dos homes de Camorak flotaban para Carcasona.

Toda a mañá seguinte marcharon e todo o serán, e sabían que se estaban a achegar agora ás profundidades da fraga. Os cidadáns de Arn mantíñanse apertadamente xuntos e cerca tras os guerreiros. Porque as fonduras do bosque eran todas descoñecidas para os viaxeiros, porén non descoñecidas para eses contos de medo que os homes contan polo serán aos seus amigos, na comodidade e na seguranza dos seus fogares. Entón apareceu a noite, e unha enorme lúa. Os homes de Camorak durmiron. Ás veces acordaban e volvían durmir de novo; e aqueles que ficaban espertos por moito tempo e á escoita ouvían pesadas criaturas bípedes andaren pola noite sobre poutas.

Tan pronto como houbo luz os homes inermes de Arn comezaron a se escapulir, e regresaban en bandos a través da fraga. Cando a escuridade viña non se paraban a durmir, senón que continuaban a súa fuga directamente até chegaren a Arn, e cos contos que dixeron aumentaron o terror do bosque.

Mais os guerreiros festexárono, despois Arleon levantouse e tocou a súa harpa, e dirixiunos de novo; uns poucos serventes fieis permanecían aínda con eles. Marcharon todo o día a través dunha penumbra que era tan vella coma a noite, mais a inspiración de Arleon ardía na súa mente coma unha estrela. Guiounos até que os paxaros comezaron a entrar nas copas das árbores, e era serán e todos acamparon. Deixaran soamente un pavillón para eles agora, preto del acenderon un lume, e Camorak apostou unha sentinela coa espada desenvaiñada xusto pasando o resplandor da luz do lume. Algúns dos guerreiros durmían no pavillón e outros ao redor del.

Cando o abreinte veu algo terríbel matara e comera a sentinela. Mais o esplendor dos rumores de Carcasona e o decreto do Fado de que nunca debían chegar a alí, e a inspiración de Arleon e a súa harpa, todo animaba os guerreiros; e marcharon máis e máis fondo todo o día no bosque.

Unha volta viron un dragón que atrapara un oso e xogaba con el, deixándoo correr un chisco de camiño e alcanzándoo coa gadoupa.

Chegaron ao cabo a un espazo claro na fraga pouco antes do anoitecer. Un odor de flores erguíase del coma unha brétema, e cada gota de rosada interpretaba o ceo en si mesma.

Era a hora en que o crepúsculo beixa a Terra.

Era a hora en que un significado chega ás cousas sen sentido, as árbores exceden en maxestade a pompa dos monarcas, as criaturas tímidas saen furtivamente ao exterior para se alimentar, mentres as bestas de rapina aínda soñan inofensivamente, a Terra exhala un suspiro, e é de noite.

No meio do amplo clareiro acamparon os guerreiros de Camorak, e gozaron vendo as estrelas apareceren de novo unha por unha.

Aquela noite comeron o derradeiro das súas provisións, e durmiron sen molestias dos seres roldadores que aparecen na penumbra da fraga.

Ao día seguinte algúns dos guerreiros foron cazar veados, e outros estiveron nos xuncos dun lago veciño e dispararon frechas ás aves acuáticas. Mataron un cervo, algúns gansos e varias cercetas.

Aquí os aventureiros ficaron, respirando o puro ar bravo que as cidades non coñecen; polo día cazaban e acendían lumes pola noite, cantaban e celebraban banquetes, e esquecían Carcasona. Os terríbeis moradores da penumbra xamais os amolaban, a carne de veado era abundosa e todo tipo de aves acuáticas; amaban a caza

polo día e pola noite as súas cancións favoritas. Deste xeito pasaba un día tras outro, así pasaba unha semana tras outra. O tempo lanzou sobre este campamento unha mancha de lúas, as lúas de ouro e prata que consumen o ano; pasaron o outono e o inverno, a primavera apareceu; e aínda os guerreiros cazaban e facían festíns alí.

Unha noite de primavera estaban a facer un festín ao redor do lume e a contárense contos de caza, as lenas velairiñas saían da escuridade e exhibían as súas cores á luz do lume, e voltaban grises á escuridade de novo; o vento nocturno era fresco nos pescozos dos guerreiros, o lume do acampamento era quente nas súas faces, e o silencio asentárase entre eles logo dalgunha canción, Arleon de repente alzouse, lembrando Carcasona. A súa man percorreu as cordas da súa harpa, despertando os máis fondos acordes, coma o son dunha xente destra bailando os seus pasos sobre bronce, a música rodou lonxe no propio silencio da noite, e a voz de Arleon levantouse:

“Cando hai sangue no baño ela sabe que hai guerra nas montañas e bota de menos o grito de batalla de homes rexios.”

De súpeto todos berraron: “Carcasona!” E con aquela palabra a súa inactividade foise coma un soño se vai dun soñador acordado cun grito. Pronto principiou a gran marcha que nunca máis vacilou nin fraqueou. Desenfreados polas batallas, destemidos nos lugares solitarios, sempre infatigábeis polos anos de voitres, os guerreiros de Camorak resistían; e a inspiración de Arleon guiábaos aínda. Penetraban coa música da harpa de Arleon na penumbra de silencios antigos; ían cantando ás batallas contra terribes homes salvaxes, e voltaban cantando, pero con menos voces; chegaban ás aldeas nos vales cheos da música de campás ou vían as luces á noitiña de cabanas refuxiando a outros.

Convertéronse nun proverbio para a deambulación, e unha lenda xurdiu de homes estraños e desconsolados. O pobo falaba deles á caída da noite cando o lume quentaba e a chuvia caía dos beirados; e cando o vento era alto os cativiños tiñan medo de que os Homes Que Nunca Descansaban fosen facendo ruído tras deles. Contábanse contos estraños de homes con vellas armaduras grises movéndose no crepúsculo polas cimas dos outeiros e que nunca pedían acubillo; e as nais contaban aos seus rapaces que se impacientaban en casa que os errantes grises foron unha vez así de impacientes e agora estaban sen esperanza de descanso, e conducíanse xunto coa chuvia sempre que o vento se anoxaba.

Mais os errabundos animábanse na súa deambulación coa esperanza de chegaren a Carcasona, máis tarde coa ira contra o Fado, e finalmente marchaban aínda porque semellaba mellor marchar ca pensar.

Durante moitos anos erraran e loitaran con moitas tribos; a miúdo recolleron lendas nas aldeas e escoitaron a ociosos cantantes cantando cancións; e todos os rumores de Carcasona aínda viñan do sur.

E entón un día chegaron a unha terra montuosa cunha lenda nela que só un home podía ver, en días claros, a tres vales de distancia: Carcasona. Aínda que estaban cansados e eran poucos, consumidos polos anos que todos lles trouxeran guerras, seguiron adiante ao instante, levados aínda pola inspiración de Arleon que minguaba pola súa idade, malia que facía música coa súa vella harpa aínda.

Todo o día descenderon polo primeiro val e durante dous días ascenderon, e chegaron á Cidade Que Non Se Pode Tomar En Guerra debaixo do cume da montaña, as súas portas estaban pechadas contra eles, e non había camiño ao redor. A esquerda e a dereita había precipicios escarpados até onde os ollos podían ver ou a lenda dicía, e o paso estaba atravesando a cidade. Por tanto Camorak formou os seus guerreiros restantes en liña de batalla para facer a súa derradeira guerra, e camiñaron adiante sobre os ósos renxentes de vellos exércitos insepultos.

Ningunha sentinela desafiábaos na porta, ningunha frecha voaba de torre ningunha de guerra. Un cidadán gabeaba só á cima da montaña, e o resto agochábase en lugares resgardados.

Agora, no cume da montaña había unha fonda caverna en forma de cunca na rocha, en que lumes fervían suavemente. Porén se alguén tiraba un seixo nos lumes, como era o costume que tiña un deses cidadáns cando os inimigos se achegaban, a montaña lanzaba arriba rochas intermitentes durante tres días, e as rochas caían todas chameantes sobre a cidade e todo ao redor dela. E xusto cando os homes de Camorak principiaron a bater na porta ouviron un estrondo na montaña, unha gran rocha caeu alén deles e rodou polo val. As dúas seguintes caeron en fronte deles nos tellados de ferro da cidade. Precisamente mentres entraban na cidade unha rocha atopounos apiñados nunha rúa estreita, e esnaquizou a dous deles. A montaña fumegaba e alasaba; con cada resollo unha rocha caía nas rúas ou rebotaba polos duros tellados de ferro, e o fume subía devagar, máis e máis arriba.

Cando chegaran a través das rúas baldeiras da longa cidade á porta do final, soamente quince restaban. Cando botaran abaixo a porta só había dez vivos. Tres máis morreron mentres subían a pendente, e dous cando pasaban preto da horribel cova. O Fado deixou ir o resto algún treito baixando a montaña polo outro lado, e logo apañou tres deles. Só Camorak e Arleon restaran vivos. A noite baixou ao val ao que viñeran, e alumeábase polos resplandores da montaña fatal; e os dous choraron aos seus camaradas durante toda a noite.

Porén cando veu a mañá lembraron a súa guerra co Fado, a súa vella determinación de chegaren a Carcasona, e a voz de Arleon levantouse nunha canción trémula, e en arrebatos da súa vella harpa, púxose de pé e marchou coa súa face para o sur como fixera durante anos, e detrás del ía Camorak. Cando ao cabo agatuñaron desde o terceiro val, e colocáronse sobre a cima do outeiro coa luz dourada do serán, os seus ollos idosos viron só millas de bosque e as aves índose a durmir.

As súas barbas estaban albas, e viaxaran moi lonxe e duramente; era o tempo para eles en que un home descansa de labores e soña en sono lixeiro cos anos que foron e non cos anos por vir.

Moito tempo miraron para o sur; o sol púxose sobre fragas remotas, os vagalumes acenderon as súas lámpadas, e a inspiración de Arleon alzouse e foise a voar para sempre, para alegrar, seica, os sonhos de homes máis novos.

E Arleon dixo: “Meu Rei, non sei levar máis lonxe o camiño a Carcasona.”

E Camorak sorriu, como sorrín os anciáns, con pouco motivo para a ledicia, e dixo: “Os anos van pasando por nós coma enormes aves, ás que a Condena, o Destino e os plans de Deus espantaran fóra dalgún vello e gris pantano. E pode ben ser que contra estes ningún guerreiro poida valer, que o Fado nos vencese, e que a nosa busca fracasase.”

Despois disto estiveron calados.

Logo desenvaiñaron as súas espadas, e un ao lado do outro baixaron ao bosque, aínda procurando Carcasona.

Coido que non foron lonxe; porque había pantanos mortais naquela fraga, penumbra que dura máis ca as noites, e bestas pavorosas afeitadas aos seus camiños. Non hai alí ningunha lenda, nin en verso nin entre as cancións da xente dos campos, de que algún chegase a Carcasona.



-Vinde –dixo el-Rei na sagrada Zaccarath-, e deixemos aos nosos profetas profetizar perante nós.

Unha xoia de luz vista a distancia era o santo pazo, unha marabilla para os nómades das chairas.

Estaba el-Rei con todos os seus señores subordinados, cos reis menores que lle rendían vasalaxe, e estaban todas as súas raíñas con todas as súas xoias postas.

Quen ha de contar o esplendor en que se asentaban; os milleiros de luces e as esmeraldas a responderen; a beleza perigosa daquel tesouro de raíñas, ou o brillo dos seus pescozos recargados?

Había un colar alí de perlas rosadas coma rosas alén da arte que o soñador imaxinase. Quen ha de referir as lámpadas de araña de ametista, onde fachicos, impregnados con raros óleos bhyrinianos, ardían e despedían un recendo de blethany?

(Esta herba marabillosa que, crescendo preto do cume do Monte Zaumnos, aromatiza toda a serra zaumniana, e ólese fóra ao lonxe nas chairas kepuscrás, e mesmo, cando o vento vén das montañas, nas rúas da cidade de Ognoth. Pola noite cerra os seus pétalos e ouvéselle respirar, e o seu alento é un veneno rápido. Isto faino até polo día se as neves están a perturbala. Ningunha planta destas se colleu nunca viva por un buscador.)

Abonda dicir que cando a alba saía ela aparecía por contraste pálida, sen atractivo e espida de toda a súa gloria, así que se agochaba con nubes corredías.

-Vinde –dixo el-Rei-, deixemos aos nosos profetas profetizar.

Entón os arautos pasaron a través das reas dos guerreiros vestidos de seda de el-Rei que xacían unxidos e perfumados sobre as súas capas de veludo, cunha brisa pracenteira entre eles causada polos abanos dos escravos; inclusive as súas lanzas fundidas estaban engastadas con xoias; a través das súas fileiras os heraldos ían con pasos curtos, e chegaron aos profetas, vestidos de castaño e negro, e a un deles trouxérono e colocárono perante el-Rei. E el-Rei mirouno e dixo:

-Profetiza en nós.

O profeta levantou a cabeza, de maneira que a súa barba saíu claramente da súa capa castaña, e os abanos dos escravos que abanaban os guerreiros mexeron a súa punta un pouco torta. El falou con el-Rei, e díxolle isto:

-Pesar en vós, Rei, e pesar en Zaccarath. Pesar en vós, e pesar nas vosas mulleres, porque a vosa caída debe ser dolorosa e pronta. Xa no Ceo os deuses refugan o voso deus: coñecen a súa sentenza e o que está escrito sobre el; e ve esquecemento diante del coma unha néboa. Vós espertastes o odio dos montañeses. Ódianvos todo ao longo das penedías de Droom. A maldade dos vosos días ten de abater os zeediáns sobre vós coma os soles da primavera fan caer a avalancha. Eles deben facer en Zaccarath coma o alude fai nos casarells do val.

Cando as raíñas charlaron e riron con disimulo entre si, el simplemente alzou a voz e aínda falou:

-Pesar para estas murallas e as cousas esculpidas sobre elas. O cazador ten de coñecer os lugares de acampada dos nómades polas marcas das fogueiras na chaira, mais non ha de saber o lugar de Zaccarath.

Uns poucos guerreiros recostados volveron as cabezas para botar unha ollada ao profeta cando cesou. Lonxe polo alto os ecos da súa voz rumorearon por algún tempo entre as traves de cedro.

-Non é esplendido? –dixo el-Rei.

E moitos daquela asemblea bateron coas súas palmas sobre o puído chan en sinal de aplauso. Entón conduciron o profeta de volta ao seu lugar no remate lonxincuo daquel salón inmenso, e durante un anaco os músicos tocaron en maravillosos cornos curvados, mentres tambores latexaban tras eles agochados nun nicho. Os músicos sentábanse coas pernas cruzadas no chan, todos soprando os seus enormes cornos á brillante luz das fochas, porén como os tambores latexaban máis forte na escuridade levantáronse e movéronse devagar para máis preto de el-Rei. Máis e máis forte batucaban os tambores na escuridade, e máis e máis cerca movíanse os homes cos cornos, así que a súa música non se había de afogar polos tambores antes de alcanzar el-Rei.

Foi unha escena marabillosa cando os cornos tempestuosos se pararan perante el-Rei, e os tambores na escuridade foron coma o trono de Deus; as raíñas oscilaban as cabezas a tempo coa música, cos seus diademas escintilando coma ceos de estrelas fugaces; e os guerreiros levantaban as cabezas e axitaban, conforme as erguían, as penas daquelas aves douradas que os cazadores agardan cabo dos lagos liddiáns, no decurso dunha vida matando apenas seis, para facer os penachos que os guerreiros levaban cando festexaban en Zaccarath. Daquela el-Rei berrou e os guerreiros cantaron: case lembraron entón vellos cantos de batalla. E, namentres cantaban, o son dos tambores diminuíu, os músicos afastábanse para atrás, a batucada facíase máis e máis feble segundo andaban, cesou de todo, e non sopraron máis nada nos seus cornos fantásticos. Daquela a asemblea bateu no chan coas súas palmas. Despois as raíñas suplicaron a el-Rei que enviase outro profeta. E os arautos trouxeron un cantor, e situárono perante el-Rei; e o cantor era un mozo cunha harpa. Percorreu as súas cordas, e cando houbo silencio cantou sobre a iniquidade de el-Rei. E predixo a acometida dos zeediáns, a caída e o esquecemento de Zaccarath, a vinda de novo do deserto ao que é del, e a brincadela dos cachorriños de león onde os patios do pazo se alzarán.

-Sobre que está cantando? –dixo unha raíña a outra raíña.

-Está cantando sobre a imperecedoira Zaccarath.

Cando o cantor acabou a asemblea bateu con desgana no chan, el-Rei asentiu cara a el e marchou.

Cando todos os profetas lles profetizaran e todos os cantores cantaran, aquela compañía real levantouse e foise a outras cámaras, deixando o salón da festa ao pálido e solitario abrente. E deixaron sós os deuses con cabeza de león que se esculpíran fóra das murallas; silentes ficaban, e os seus brazos pétreos estaban cruzados. Sombras sobre as súas faces movíanse coma pensamentos curiosos segundo as fochas pestanexaban e a alba apagada cruzaba os campos. E as cores comezaban a mudar nas lámpadas de araña.

Cando o último laudista quedou durmido os paxaros comezaron a cantar.

Xamais houbo maior esplendor ou un salón máis famoso. Cando as raíñas marcharon pola porta acortinada con todos os seus diademas, foi coma se as estrelas se levantasen dos seus sitios e marchasen agrupadas ao oeste no amencer.

E tan só o outro día atopei unha pedra que sen dúbida formara parte de Zaccarath, tiña tres polgadas de longo e unha de largo; vin o seu bordo descuberto pola area. Coido que só se encontraron outras tres pezas coma ela.

## O CAMPO

Cando un viu caer a chor da primavera en Londres, o verán aparecer, madurar e decaer, como fai cedo nas cidades, e un está en Londres aínda, daquela, nun momento ou noutro, os lugares campestres alzan as súas cabezas floridas e chaman a un cunha urxente e dominante claridade, meseta tras meseta no crepúsculo coma un coro celestial levantándose fila a fila para chamar un borrachón do seu inferno de xogueta. Volume ningún de tránsito pode afogar o seu son, atractivo ningún de Londres pode debilitar a súa chamada. En ouvíndoo foise a fantasía dun, partiu eternamente, a algún colorido callao brillante nun regato rural, e todo o que Londres pode ofrecer várrese da mente dun coma un Goliat metropolitano golpeado de repente.

A chamada é desde lonxe tanto en leguas coma en anos, porque os cerros que chaman a un son as lombas que foron, e as súas voces son as voces de hai tempo, cando os reis dos elfos aínda tiñan cornos.

Véxoos agora, aqueles outeiros da miña infancia (por ela é que eles chaman), coas súas faces voltas para arriba ao crepúsculo purpúreo, e as tenues figuras diáfanas das fadas asomando fóra de embaixo da filgueira para ver se o serán chegou. Non vexo sobre os seus cumes rexios esas mansións apetecíbeis, nin as sumamente desexábeis residencias, que construíron recentemente os cabaleiros que trocaron fregueses por inquilinos.

Cando as cuíñas chamaban adoitaba ir a elas por estrada, montando unha bicicleta. Se se vai en tren pérdese o achegamento gradual, non se abandona Londres coma un vello pecado perdoado, nin se pasa por aldeíñas no camiño que deben ter algún rumor dos outeiros; nin, abraiándose se son aínda os mesmos, se chega ao cabo sobre o bordo dos seus mantos despregados ao lonxe, nin así nos seus pés, nin se ve remotas as súas santas e acolledoras caras. No tren véllelos de socato rodeando unha curva, e alí están todos asentando no sol.

Imaxino que segundo un saíse dalgunha enorme selva dos trópicos, as bestas salvaxes irían sendo menos, a penumbra aclararíase e o horror do lugar deixaríase amodo. Con todo conforme un aparece máis cerca da marxe de Londres, e máis preto da fermosa influencia das cuíñas, as casas vólvense máis feas, as rúas máis viles, a penumbra máis fonda e os erros da civilización fican descubertos ao desdén dos campos.

Onde a fealdade acada a altura da súa exuberancia, na densa miseria do lugar, onde un imaxina o construtor dicindo: “Aquí culmino. Deámoslle as grazas a Satán”, hai unha ponte de tixolo amarelo, e por ela, coma a través dunha porta de prata afiligorada abríndose á terra das fadas, un pasa ao campo.

A dereita e a esquerda, tan lonxe como un poida ver, esténdese a monstruosa cidade; diante dun están os campos coma unha moi vella canción.

Alí hai unha camposa que está chea de herba centella. Un riacho corre por el, e ao longo do riacho hai un bosquiño de vimieiros. Alí adoitaba a miúdo descansar á beira do riacho antes da miña longa viaxe ás lombas.

Alí costumaba esquecer Londres, rúa por rúa. Ás veces collía un ramo de herba centella para llelos amosar aos outeiros.

A miúdo viña alí. Ao primeiro non notei ren no campo agás a súa beleza e a súa tranquilidade.

Mais a segunda volta que vin pensei que había algo ominoso sobre a campeira.

Alá abaixo entre as herbas centellas cerca do riacho pouco fondo sentín que algo terríbel podía suceder xusto nun sitio semellante.

Non fiquei moito tempo alí, porque pensei que o demasiado tempo consumido en Londres trouxera esas fantasías mórbidas e funme aos cerros tan rápido como puiden.

Permanecín durante algúns días ao ar campestre, e cando voltaba fun á camposa de novo para gozar daquel sitio pacífico antes de entrar en Londres. Porén aínda había algo ominoso entre os vimieiros.

Un ano decorreu antes de ir alí outra vez. Emerxía da sombra de Londres ao sol relucente; o brillante panasco verde e a herbas centellas chameaban na luz, e o riachiño cantaba un canto feliz. Mais no momento en que entrei no campo a miña vella inquietude regresou, e peor ca antes. Era coma se a sombra incubase alí algunha pavorosa cousa futura e o ano trouxéaa máis preto.

Razoei que o esforzo de andar en bicicleta podía ser mao para un, e que no momento en que un descansaba se podía orixinar este desasosego.

Un pouco máis tarde retornei polo lado do campo de noite, e o canto do riacho no silencio atraeume abaixo até el. Alí veume a fantasía de que sería un terríbel lugar frío para estar á luz das estrelas, se por algunha razón un estivese ferido e non puidese escapar.

Coñecía un home que estaba minuciosamente familiarizado coa historia daquela localidade, e a el lle preguntei se algunha vez sucedera algo histórico naquel campo. Cando me premía pola miña razón para lle preguntar isto, díxenlle que o campo me semellara tan bo lugar para conter un gran espectáculo. Mais díxome que nada de ningún interese ocorrera alí, nada de nada.

Así que era do futuro de onde chegaba o terríbel problema do campo.

Durante tres anos de cando en vez fixen visitas á camposa, cada vez máis claramente agoiraba cousas malignas, e a miña intranquilidade agudizábase cada vez que me sentía atraído por ir e descansar entre a fresca herba verde baixo os fermosos vimieiros. Unha volta para distraer os meus pensamentos tentei calcular a rapidez con que corría o riacho, pero acheime abraíando se fluía máis rápido ca o sangue.

Sentín que sería un lugar terríbel para entolecer, un ouviría voces.

Ao cabo fun a un poeta que coñecía, esperteino de grandes soños e púxeno ante o caso enteiro do campo. El non estivera fóra de Londres en todo aquel ano, prometeume vir comigo e mirar a campela, e dicirme que ía suceder alí. Era no final de xullo cando fomos. O pavimento, o ar, as casas e o barro cocéranse todos en seco polo verán, o tránsito enfasiado prolongábase máis e máis, e o Sono despregando as súas ás remontaba alto e flotaba desde Londres e ía camiñar fermosamente polos lugares rurais.

Cando o poeta viu o campo quedou deleitado, as flores xurdían en masa todo ao longo do riacho, baixou até o bosquiño gozando. Cabo da beira do riacho detívose e pareceu moi triste. Unha ou dúas veces mirouno arriba e abaixo lugubrementemente, daquela inclinouse e ollou as herbas centellas, primeiro unha e logo outra, moi atentamente, e sacudiu a cabeza.

Durante un longo anaco parouse en silencio, todo o meu vello desasosego volveu, e os meus presaxios polo porvir.

Logo dixo: “Que clase de campo é?”

E sacudiu a cabeza aflixidamente.

“É un campo de batalla”-dixo.

## O DÍA DA VOTACIÓN

Na cidade cabo do mar era o día da votación, e o poeta considerouno con tristeza cando acordou e viu a súa luz entrando pola súa ventá entre dúas cortiniñas de gasa. O

día da votación era fermosamente brillante; rechouchíos perdidos chegaban ao poeta pola xanela; o ar era vigorizador e invernal, mais era a brisa da luz solar a que enganara os paxaros. Ouvia o son do mar que a lúa levaba á orella, arrastrando os meses lonxe sobre os grixos e os seixos, e amoreándoos cos anos onde xacen os séculos esgotados; viu as lombas maxestosas ficar mirando poderosamente para o sur; viu o fume da cidade flotar arriba ás súas caras celestiais: columna a columna subía con sosego na mañá conforme casa por casa se espertaban cos raios do sol que asomaban e acendían os seus lumes para o día; columna por columna subía cara ás faces serenas das cuíñas, esvaecía-se antes de chegar alí e colgar todo branco sobre as casas; e cada un na cidade estaba tolo de atar.

Foi unha cousa estraña o que o poeta fixo, porque alugou o maior coche da cidade e cubriuno con todas as bandeiras que puido encontrar, e saíu a salvar unha intelixencia. Nese momento atopou un home cuxa cara estaba acalorada, que berraba que non estaba moi lonxe o tempo en que un candidato, ao que nomeou, habería de volver á cabeza da elección cunha maioría esmagadora. Xunto a el se detivo o poeta e ofreceulle un asento no automóbil que cubrira con bandeiras. Cando o home viu as bandeiras que había no coche, e que era o maior da cidade, entrou. Dixo que o seu voto o daría para aquel sistema fiscal que fixo de nós o que somos, para que a comida do pobre non se gravase para facer ao rico máis rico. Ou doutro modo foi que daría o seu voto por ese sistema de reforma tarifaria que nos debía unir máis estreitamente ás nosas colonias con vínculos que debían perdurar moito tempo, e dar emprego a todos. Mais non era ao colexio electoral onde ía o auto, pasouno, deixou a cidade e chegou por unha pequena e branca estrada cobregueante ao mesmo cume das cuíñas. Alá o poeta despediu o coche e deixou aquel sorprendido votante na herba e sentouse sobre unha manta. Durante moito tempo o elector falou daquelas tradicións imperiais que os nosos devanceiros fixeron para nós e que el debía manter co seu voto, ou doutro xeito era dun pobo oprimido por un sistema feudal que estaba anticuado e esgotado, e que debía acabar ou se emendar. Porén o poeta sinaloulle pequenos, distantes e errantes barcos na franxa asollada de mar, os paxaros ao lonxe descender debaixo deles, e as casas debaixo dos paxaros, coas súas columniñas de fume que non podían encontrar os outeiros.

Ao cabo o votante choraba polo seu colexio electoral coma un neno; mais após un anaco púxose máis calmo, salvo cando febles estouros de aclamacións subían afogados ás cuíñas, en que o elector gritaba agrememente contra o desgobierno do Partido Radical, ou doutra maneira foi –esquecín o que o poeta me contou– que enxalzaba o seu espléndido historial.

–Vexa –dixo o poeta–, estas antigas cousas fermosas, os cerros, as casas anticuadas, a mañá e o mar gris á luz do sol indo a rosmar ao redor do mundo. E este é o lugar que escolleron para encadrar o home!

Ficando alí con toda a cumprida Inglaterra detrás del, ondulando para o norte, lomba tras lomba, e diante del o mar reluciente demasiado lonxe para o son do seu ruxido, alí semelláballe ao votante facérense menos importantes as cuestións que preocupaban á cidade. Con todo aínda estaba anoxado.

–Por que me trouxo aquí? –díxolle de novo.

–Porque me sentía só –dixo o poeta–, cando toda a cidade se volveu tola.

Entón sinaloulle ao elector algúns estripes vellos e tortos, e amosoulle o camiño que o vento abrira durante un millón de anos, subindo ao outeiro desde o mar; faloulle das tormentas que castigan os barcos, os seus nomes e de onde veñen, as correntes que as conducen ao campo, e o camiño polo que van as andoriñas. Faloulle da cuíña en que se sentaban, de cando viña o verán, das flores que aínda non estaban, das diferentes bolboretas, sobre os morcegos e os birrios, e dos pensamentos no corazón do home.

Faloulle do idoso muíño de vento que se erguía na lomba, e de como aos nenos lles parecía un estraño vello que estaba soamente morto polo día. Segundo falaba, e mentres o vento mariño sopraba naquel lugar alto e solitario, alí comezaron a se escapulir da mente do votante frases sen sentido que a ateigaran había tempo: maioría esmagadora, vitoria na loita, inexactitudes terminolóxicas; o cheiro de lámpadas de parafina pendurando nas aulas acaloradas, e citas tomadas de discursos antigos porque as palabras eran longas. Esvaeceron, aínda que amodo, e devagar o elector vía un mundo máis cumprido e a marabilla do mar. A tarde pasou, o serán invernal veu, caeu a noite, o mar púxose todo negro, e pola hora en que as estrelas saen pestanexando para considerar a nosa pequenez, o colexio electoral pechou na cidade.

Cando regresaron o alboroto andaba a diminuír nas rúas; a noite ocultaba o fulgor dos carteis; e a marea, encontrando o ruído amainado e comezando no fluxo, contaba un vello conto que aprendera na súa mocidade sobre as profundidades do mar, o mesmo que contara ás naves costeiras que o levaron a Babilonia pola vía do Éufrates antes da perdición de Troia.

Reprobo o meu amigo o poeta, non obstante o solitario que era, por impedir a este home marcar o seu voto (a obriga de todo cidadán); mais talvez importe pouco, conforme era un resultado coñecido de antemán, porque o candidato perdedor, ou por pobreza ou por mera loucura, desatendera subscribirse a un simple club de fútbol.

## O CORPO INFELIZ

-Por que non bailas ou gozas connosco? –díciánlle a certo corpo. Daquela aquel corpo fixo a confesión do seu problema. Dixo:

-Estou unido a unha alma feroz e violenta, que é totalmente tirana e non me quer deixar descansar, e arrástrame lonxe dos bailes dos meus para me facer afanar no seu labor detestábel; non me quer deixar facer as cousiñas que darían gusto á xente que amo, pero só desexa compracer a posteridade cando concluía comigo e me deixe aos vermes; todo o tempo fai absurdas peticións de afecto daqueles que están preto de min, e é demasiado orgullosa mesmo para recoñecer algo menos do que pide, así que aqueles que serían amábeis comigo ódianme todos –e o corpo infeliz botouse a chorar.

E dixéronlle:

-Ningún corpo sensíbel coida da súa alma. Unha alma é unha cousa pequena, e non debería dominar un corpo. Deberías beber e fumar máis até que te deixe de amolar –mais o corpo soamente choraba e dixo:

-A miña é unha alma pavorosa. Afasteina durante un anaquiño coa bebida. Porén pronto voltará. Ó, pronto voltará!

E o corpo foise á cama esperando descansar, porque estaba somnolento pola bebida. Porén xusto cando o sono estaba preto del, mirou arriba, e alí estaba a súa alma sentada sobre o peitoril da ventá, unha neboenta lapa de luz, ollando o río.

-Ven –dixo a alma tirana-, e mira a rúa.

-Cómpreme durmir –dixo o corpo.

-Mais a rúa é algo belo –dixo a alma con vehemencia-; un cento de persoas está a soñar alí.

-Estou doente por falta de descanso –dixo o corpo.

-Iso non importa –díxolle a alma-. Hai millóns coma ti na terra, e millóns máis para ir alí. Os soños da xente están a errar lonxe; pasan os mares e as montañas do país

das fadas, enfilando os pasos intrincados levados polas súas almas; chegan a templos dourados que soan cun milleiro de campás; soben as empinadas rúas alumeadas por lanternas de papel, onde as portas son verdes e pequenas; coñecen o camiño ás cámaras das meigas e aos castelos encantados; saben o feitizo que lles leva á calzada ao longo das montañas de almafi: nun lado ollando abaixo contemplan os campos da súa mocidade e noutro esténdense as radiantés chairas do porvir. Alpeira e anota o que a xente soña.

-Que recompensa hai para min –dixo o corpo-, se anoto o que me pides?

-Non hai recompensa –dixo a alma.

-Entón durmirei –dixo o corpo.

E a alma comezou a cantaruxar unha canción ociosa cantada por un mozo nunha terra fabulosa segundo pasaba unha cidade dourada (onde ferozes sentinelas se apostaban), e sabía que súa muller estaba dentro, aínda que era non obstante só unha meniña aínda, sabía por profecía que guerras furiosas, aínda non xurdivas en montañas lonxincuas e descoñecidas, debían rodar sobre el co seu po e a súa sede antes de chegar algunha vez a aquela cidade de novo: o mozo cantaba conforme pasaba a porta, e levaba agora morto con súa muller mil anos.

-Non podo durmir por esa canción abominábel –gritou o corpo á alma.

-Daquela fai como se che mandou –replicou a alma. E con cansazo o corpo apañou unha pluma de novo. Entón a alma faloulle alegremente namentres ollaba pola fiestra:

-Hai unha montaña levantándose escarpada sobre Londres, en parte de cristal e en parte de brétema. Para alá van os soñadores cando o son do tránsito decaeu. Ao primeiro apenas soñan polo seu estrondo, mais antes da meianoite para, xira, e devala con todos os seus naufraxios. Daquela os soñadores érguense e escalan a resplandecente montaña, e no seu cume atopan os galeóns do soño. Desde aí uns navegan para o leste, outros para o oeste, uns polo pasado e outros polo futuro, porque os galeóns navegan sobre os anos tan ben coma sobre os espazos, pero por maioría diríxense para o pasado e aos portos de antano, porque para alá se volven maioritariamente os suspiros dos homes, e os barcos dos soños van diante deles, como os mercadores diante dos continuos ventos alisios baixan a costa africana. Vexo os galeóns mesmo agora izaren áncora tras áncora; as estrelas coruscan a carón deles; esvaran fóra da noite; as súas proas entran relucindo no crepúsculo da memoria, e a noite pronto fica remota, unha nube negra colgando baixa, e feblemente salferida de estrelas, coma o porto e a orella dunha terra ao nivel do mar vista ao lonxe coas súas luces portuarias.

Relatou soño tras soño aquela alma mentres se sentaba alí cabo da ventá. Falou de selvas tropicais vistas por homes infelices que non podían escapar de Londres, e nunca poderían: selvas feitas de repente maravillosas polo canto dalgunha ave de paso voando a ignotos niñodaguias e cantando un canto descoñecido. Viu os vellos bailando lixeiramente coa melodía das caramelas élficas -fermosas danzas con doncelas fantásticas- a noite toda en imaxinarias montañas baixo o luar; ouviu remota a música de primaveras relucentes; viu a lindeza de chores de maceira e pode que caídas había trinta anos; ouviu vellas voces: vellas bágoas voltaban refulxindo; o Romance sentábase encapotado e coroado nos outeiros meridionais, e a alma coñecía.

Un por un contou os soños de todos os que durmían naquela rúa. Ás veces paraba para aldraxar o corpo porque traballaba mal e devagar. Os seus dedos arrefecidos escribían tan rápido como podían, mais á alma non lle importaba iso. E así transcorreu a noite até que a alma ouviu tintinar en ceos orientais ao lonxe as pisadas da mañá.

-Mira agora –dixo a alma-, o abreinte que os soñadores temen. As velas de luz palidecen naqueles galeóns innaufragábeis; os mariñeiros que os gobernan introdúcense

de volta na fábula e no mito; naquel outro mar o tránsito volve agora do seu refluxo, e está para ocultar os seus pálidos naufraxios, e regresar balanceándose, co seu tumulto, no fluxo. Xa a luz solar escintila nos golfos atrás do leste do mundo; os deuses vírono desde o seu pazo de crepúsculo que construíron encima da saída do sol; quecen as mans no seu resplandor conforme corre polos seus arcos relucentes, antes de acadar o mundo; están alí todos os deuses que algunha vez o foron, e todos os deuses que han de ser; séntanse alí pola mañá, salmodiando e gabando o home.

-Estou engoumado e moi frío por falta de sono –dixo o corpo.

-Ti has de ter séculos de sono –dixo a alma-, mais non debes durmir agora, porque vin fondos prados con flores purpúreas a chamear altas e estrañas sobre a herba brillante, mandas de puros alicornos albos que brincan alí de ledicia, e un río correndo preto cun refulxente galeón nel, todo de ouro, que vai dunha descoñecida terra interior a unha ignota illa do mar para apañar unha canción do Rei de Sobre as Cuíñas para a Raíña de Moi Lonxe.

»Cantarei esa canción para ti, e has de anotala.

-Afaneime para ti durante anos –dixo o corpo-. Dáme agora só unha noite de acougo, porque estou fatigado en exceso.

-Ó, vai e descansa. Estou farta de ti. Lisco –dixo a alma.

E ergueuse e foise, non sabemos onde. Porén o corpo deixárono na terra. E a noite seguinte pola meianoite os espectros dos mortos viñeron flotando das súas tumbas para felicitar a aquel corpo.

-Aquí es libre, sábelo –dixéronlle ao seu novo compañeiro.

-Agora podo descansar –dixo o corpo.

FIN